CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2025/5
SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, xoves 8 de maio de 2025 -

No día da data, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:

PSdeG-PSOE
RAMON ABUÍN GOMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA
SERGIO JOSE BOGA GOMEZ
LUCIA YESICA VECINO RODRIGUEZ

AUSENCIAS:

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

A) DACIÓN EN CONTA:
1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
2. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ORZAMENTARIA DO 1º TRIMESTRE 2025
3. DACIÓN DE CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

3. APROBACIÓN , SE PROCEDE, DO ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE FIN DE SEMANA DE MULLERES 2025
4. APROBACIÓN , SE PROCEDE, DO ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE XXIV FESTA DAS PERSOAS MAIORES 2025
5. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DA LICENCIA DE TAXI Nº 2 DO CONCELLO DE DODRO

C) MOCIÓNS:

C.1. MOCIÓNS ORDINARIAS:

6. MOCIÓN DE UVD DO ANO DE CASTELAO
7. MOCIÓN DO BNG PARA AVANZAR NA IMPLANTACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

C.2. MOCIÓNS URXENTES:

8. MOCIÓN DE URXENCIA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA

D) CONTROL DO GOBERNO:

9. ROGOS E PREGUNTAS
10. OUTROS MEDIOS DE CONTROL DO GOBERNO LEGALMENTE ESTABLECIDOS.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Xa son as oito en punto da tarde, vamos a iniciar o Pleno ordinario do mes de maio."*

PROPOSTAS ORDINARIAS

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que se transcribe de xeito literal a continuación:

EXPTE: 2025/G006/000151
ASUNTO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións que van desde o número 111/2025 ao 181/2025, en

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde accidental (Resolución da Alcaldía núm.176/2025), Ramón Abuín Gómez.

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da Alcaldía indicadas.

2. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO 1º TRIMESTRE 2025

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que se transcribe de xeito literal a continuación:

Expediente: 2025/G006/000147
Asunto: Dación conta remisión Informes económico-orzamentarios do 1º trimestre 2025
Trámite: Proposta para o Pleno

Dáse conta da remisión de información económico-orzamentaria a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais:

-Periodo Medio de Pago do 1º trimestre 2025 (enviado o 25/04/2024)
-Informe de execución trimestral do 1º trimestre 2025 (enviado o 25/04/2024)
-Liquidación exercicio 2024 (enviada o 30/04/2025)
-Información Salarial de Postos da Administración (enviado o 30/04/2025)

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís.

Os concelleiros e concelleiras quedan informados.

3. DACIÓN DE CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O alcalde ten que facer a dación en conta da finalización do proceso iniciado por parte do portavoz da agrupación política Xente de Dodro, no ano 22 contra os señores Ana Muñiz, señora Ana Muñiz, señor Xoán Bautista Mariño Abuín, señor Francisco Xabier Castro Tourís, señor Xoán Xosé Vicente Franco, a señora María José Rodríguez Expósito, a señora Sandra María García Chenlo, o señor Ramón Abuín Gómez e o señor Abel Tarrío Abuín, non é concelleiro actual deste..., Este proceso iniciouse no ano 2022 e rematou o pasado mes de abril, cunha sentenza en donde se decreta o sobreseimento libre da presente causa. Pero teño tamén que citar un párrafo a todas luces , definitivo da situación de algunha xente, da situación do Concello que di en castelán:Una vez más y aunque sea ajeno al objeto de esta resolución, se*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

constata la utilización torticera del derecho penal y la administración de justicia, por parte del denunciante, siendo ya varias las denuncias interpuestas contra el actual equipo de gobierno municipal, por parte del anterior alcalde del concello de Dodro, con similar resultado todas ellas. Dou en conta esta situación xudicial, porque esto, como todo, ten un coste para o concello que será en detrimento de outra cousa para os veciños e as veciñas de Dodro. Esperemos que sexa a última, despois do comentario da xueza, que sexa a última vez que teñamos que ir por estas cousas ao xulgado."

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

4. CUESTIÓN DE CONFIANZA VINCULADA Á APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA 2025

Retírase da orde do día por non ter recibidos os/as concelleiros/as a documentación coa antelación de 2 días hábiles.

5. APROBACIÓN , SE PROCEDE, DO ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE FIN DE SEMANA DE MULLERES 2025

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPTE.: 2025/G006/000149
EXPTE. inicial:2025/G015/000001
ASUNTO: ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE "FIN DE SEMANA DE MULLERES 2025"
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

Logo de ver a memoria asinada en data 02/05/2025 pola concelleira de Servizos, Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais que se transcribe:

"EXPTE: 2021/G015/000001
ASUNTO: ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE "FIN DE SEMANA DE MULLERES 2025"
TRÁMITE: MEMORIA

A Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais do Concello de Dodro, ten previsto realizar a actividade "FIN DE SEMANA DE MULLERES 2025" sobre a base das seguintes condicións, establecidas no expediente de contratación 2025/C004/000001 "CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE IGUALDADE E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE DODRO PARA O ANO 2025, no que se inclúe a celebración da Fin de Semana de Mulleres, entre outras actividades.
1. DENOMINACIÓN
O Concello de Dodro organiza dende a Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais a "Fin de semana de mulleres 2025", que ten por obxecto

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

crear un espazo de reflexión, sensibilización e de transmisión de valores sobre igualdade e loita contra violencia de xénero, mediante charlas ou obradoiros específicos, así como de xeito transversal.

Para potenciar espazos de intercambio, descanso e desfrute, realizaranse unha serie de obradoiros coa intención de traballar temáticas que propicien o benestar das participantes, ao tempo que toman conciencia das desigualdades sociais entre mulleres e homes e se conciencian da necesidade de mudar esta situación.

Destinado a mulleres maiores de idade, o formato da actividade está baseado na interacción, o intercambio e a conversa grupal conxunta, nun espazo de desconexión lonxe dos fogares e con actividades complementarias de ocio de calidade. Trátase, en definitiva, de tomar conciencia e capacidade crítica sobre as desigualdades sociais entre mulleres e homes.

2. OBXECTIVOS

Entre os obxectivos destacan:

- Visibilizar a importancia da muller na sociedade e previr a violencia de xénero.
- Propiciar a ocupación activa do tempo de lecer das mulleres, transformando este nun tempo creativo útil, incrementando o seu benestar psicosocial, así como a participación na súa contorna e na sociedade en xeral.
- Reflexionar sobre a violencia de xénero e como erradicala.
- Fomentar momentos de desconexión da monotonía da vida diaria das mulleres, proporcionando un espazo de ocio lúdico e de calidade.

3. PERSOAS DESTINATARIAS

Está dirixido a 40 mulleres maiores de 18 anos (cumpridos a data de inicio da actividade), empadroadas no Concello de Dodro, máis 1 persoa acompañante por parte do Concello. No caso de existir prazas libres, valorarase a asistencia de aquelas que sexan residentes en Dodro, independentemente do empadroamento.

4. CONTIDOS

A actividade consistirá na saída desde o Concello cara o lugar de destino o sábado día 24 de maio, desenrolo de actividades de carácter formativo, lúdico/práctico e ocio/cultural que se describen no contrato de referencia, aloxamento e comidas, e con regreso ao punto de partida o domingo día 25 de maio.

Por causas xustificadas poderá modificarse a data de realización da actividade.

5. LUGAR E DATA

Unha vez formalizado o contrato e acordado coa empresa adxudicataria, o destino elixido este ano 2025 é LAXE, e a viaxe farase nos días 24 e 25 de maio de 2025.

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

6. ORZAMENTO

O prezo inclúe:

- 1 persoal técnico (coordinador/a) e 1 monitor/a(como mínimo) con dispoñibilidade durante toda a fin de semana.
- Persoal formador das sesións expositivas.
- Entradas (visitas de lecer e/ou culturais).
- Velada con actuación.
- 1 noite de hotel en réxime de M/P (aloxamento+almorzo e cea) para as 40 mulleres e a persoa acompañante do Concello, con espazos adaptados á programación
- O xantar do sábado e do domingo para para 40 mulleres e a persoa acompañante do Concello.
- Seguro de asistencia en viaxe de carácter nacional e en territorio da UE.
- Autobús para os desprazamentos, co seguro obrigatorio de viaxe.

Conforme ao disposto no artigo 4.1 da ordenanza número 22 reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís, e outras actividades de carácter deportivo, lúdico popular e socio culturais organizadas polo Concello, proporciónanse os datos necesarios para a adopción do correspondente acordo de fixación do prezo público do Concello de Dodro e que son os seguintes:

Para unha estimación de 40 persoas participantes na actividade, máis 1 persoa acompañante; os custos que se incorren son os seguintes:

O orzamento estimado, en relación ao contrato de referencia, é o seguinte:

CONCEPTO			TOTAL
MONITORADO			
Celebración da Fin de semana de Mulleres (maio)	1 (Grupo IV-Monitor de T. L.)x 24h 1 (Grupo I-Persoal técnico)x 24h	280,08€ (+38,33% Seg.social) 346,08€ (+38,33% Seg.social)	387,43€ 478,73€
		SUMATORIO	866,16€
		GX (5%) e BI (6%)	95,27€
		IVA (10%)	96,14€
Fin de semana mulleres: CUSTES DE HOTEL, MANUTENCIÓN (2			

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

comidas: 1 almorzo e 1 cea)	
40 persoas (+1gratuidade): 20 habitacións dobres (+1 individual gratuíta) +2 comidas/persoa (20 x 200€)	4.000€
SUMATORIO	4.000€
GX (5%) e BI (6%)	440€
IVA (21%)	932,4€
CUSTES DE SERVIZO DE AUTOCAR	
Fin de semana mulleres: 1 autocar de 55 prazas	700€
GX (5%) e BI (6%)	77€
IVA (10%)	77,7€
ENTRADAS/ACTUACIÓN/GUÍAS	
Fin de semana de mulleres: Entradas, actuacións e guías	582€
GX (5%) e BI (6%)	64,02€
IVA (21%)	135,66€
TOTAL ORZAMENTO	8.066,35€

Asemade, os ingresos estimados para un prezo de 25,00 € por persoa participante, son:

Prezo público proposto	Número de participantes	Ingreso total:
25,00€/persoa participante	40	1.000,00 €

- Gastos estimados: 8.066.35€
- Ingresos estimados: 1.000,00 €

O prezo público non cubre a totalidade do gasto do servizo se ben, de acordo co establecido no artigo 4.2 da Ordenanza núm. 22 citada cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, poderanse fixar prezos por debaixo do custo do servizo.

O custo xerado para o Concello, non cuberto polo prezo público, será de 7.066,35 €, se ben tratándose no presente caso dun servizo que se presta por razóns culturais e de interese público, cuxos obxectivos son: visibilizar a importancia da muller na sociedade e previr a violencia de xénero; propiciar a ocupación activa do tempo de lecer das mulleres, transformando este nun tempo creativo útil, incrementando o seu benestar psicosocial, así como a participación na súa contorna e na sociedade en xeral; reflexionar sobre a violencia de xénero

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

e como erradicala; fomentar momentos de desconexión da monotonía da vida diaria das mulleres, proporcionando un espazo de ocio lúdico e de calidade; no orzamento municipal prevese dotación suficiente para atender a diferencia resultante e garantir o financiamento do servizo.

Documento asinado dixitalmente
María Teresa Batalla Romero
Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións veciñais."

Emitido informe por Secretaría-intervención con data 02/05/2025, e considerando a competencia que corresponde ao Pleno da Corporación de acordo co disposto no artigo 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das bases do réxime local,

PROPOÑO a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o establecemento do prezo público pola realización da actividade "Fin de semana de mulleres 2025" de 25,00 € por persoa.

SEGUNDO.- Publicar o acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello así como no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

TERCEIRO.- Dar conta á Tesourería municipal e ao departamento responsable.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde accidental, Ramón Abuín Gómez (Res. Alcaldía núm. 176/2025 de 30/04/2025)"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Tráese unha proposta de acordo, cunha memoria para realizar esta actividade, como xa se fixo máis veces e establécese 40 participantes e o importe sería de 25€ por persoa. A documentación esta, si qu estaba a disposición de todos os portavoces e vamos a proceder a dar un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Sozialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Boa tarde, como ben consta na documentación, prevese un número de participantes de 40 persoas, neste caso mulleres. Estimamos que os ingresos por un prezo de 25 euros a satisfacer por cada persoa, podía supoñernos 1.000 euros, o que restado aos gastos estimados, que son de 8. 66,35€ e o que se pide agora a esta Pleno, aprobar este establecemento de prezo público, tal e como se establece nas normas, na sesión plenaria."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, como xa dixemos en outras ocasións, entendemos que tampouco esto en moito sentido, vostedes teñen unhas prioridades, teñen esas prioridades, da prensa, da publicidade, ten a prioridade de subir salarios de forma desproporcionada e castigar aos veciños, unha vez tras outra, castígaos vostede coas subvencións ás familias, castígaos vostede cas actividades e é unha forma de proceder. Bueno, estas son as prioridades que ten vostede, castigar aos veciños e aproveitarse dos recurso públicos para o seu propio interese."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Boas tardes. Un ano máis pretenden cobrar pola actividade do Fin de semana de mulleres, unha actividade que podía estar subvencionada pola Xunta de Galiza e que vostedes prefiren cobrarlle á veciñanza. Recordarlle que o ano pasado, perderon vostedes 29.000€ da Secretaría Xeral de Igualdade de Xunta de Galicia, por non xustificar gastos e perfectamente podería encaixar esta actividade aí. Unha actividade que mermaron para favorecer a menos mulleres, de 55 participantes pasaron a 40, unha actividade que puxo en marcha no ano 2013 o partido, cando gobernaba o partido popular coa finalidade de que as mulleres puideran compartir experiencias recibir información en igualdade, prevención de violencia de xénero, etcétera, etcétera e era totalmente gratuíta, coa cal se facilitaba que calquera muller de Dodro puidese participar e ao ser subvencionada, o coste para o concello era mínimo. Agora que fan vostedes? Minoran a subvención, pasan de 55 a 40 e pretenden cobrarlles 25€, por non saber xestionar. Con esta proposta, as mulleres de Dodro, como sempre perden."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Boas tardes a todos. Nós, xa cando estivemos no goberno, apoiamos esta iniciativa e bueno, non sabemos porque se poñen 40, poderíanse poñer 50, se vai un autobús grande, onde caben 40, tamén poden caber 50, pero bueno, estamos de acordo, pero eso, vemos que poderían ser máis incluso, entonces, nós imos a apoiar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si, moi boas tardes, nós desde o BNG xa tremos expresado que habería que darlle unha volta a esta proposta, para que fose unha actividade que englobara o obxectivo principal, visibilizar a importancia da muller na sociedade e previr a violencia de xénero que é o obxectivo principal, podíamos ter outro tipo de orzamento, pero tamén é certo que se os cartos das arcas municipais se teñen que destinar, como acabamos de escoitar en dación en conta, a xuízos, pois ao mellor, non se poden destinar ao que outras persoa pretenden, entón, nós estamos de acordo, como estivemos ata agora e van¡mos a apoiar a proposta."*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *" Bueno, fala o portavoz de XD de castigar aos veciños. Castigar aos veciños é levar ao xulgado aos concelleiros sen ningunha razón, tal como lle explicaba, e dúas traballadoras municipais, pero bueno, iso se repite ano tras ano e todo. Acudir ao xulgado porque el, a súa idea, todo o fai ben, repeticións de pleno e todo, é único. Eu creo que desde o tempo que eu era funcionario, solo desas sentenzas daquela época, eran 37, 37 veces que acudiu ao xulgado e solo unha, solo unha lle deron a razón para repetir unha votación dun pleno, que eu figuraba como secretario deste Pleno, solo unha e fálame de castigar aos veciños, castigar aos veciños, vostede, vostede que as súas artimañas, solo o fai ben vostede. Bueno, siga así que lle vai moi ben, xa ve o resultado da votación, non ganou desta vez."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Gracias a todo o mundo por discutir con certa sensatez este punto. En todo caso, dicirlle á portavoz do Partido Popular, que a actividade esta, as condicións de subvención xa se, cámbianse moitísimo. Non calquera muller do concello pode asistir, ten que ter determinadas condicións . As condicións da xunta de Galicia, nas últimas ordenes, cambiou moito, por iso se reduxo a porcentaxe de persoas asistentes. Efectivamente, é complicado,por iso nos gustaría que fose, posiblemente outra cousa, peo non é nada sencillo. O importe participativo é meramente simbólico. A actividade costa 8.000, mías de 8.000€ e con esto se subvencionarían 1.000 é, simplemente, os veciños non pagan, as veciñas non pagan a actividade, as veciñas, bueno, pois colabora, é unha especie de compromiso, posiblemente, que pretendemos , porque nos parece que ademais así está un pouco mellor considerado. En todo caso, vamos a proceder á votación."*

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
- 1 BNG
- 0 PP
- 3 PSdeG-PSOE
- 2 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
- 0 BNG
- 2 PP
- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Unidade Veciñal de Dodro
- 3 Xente de Dodro

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

6. APROBACIÓN , SE PROCEDE, DO ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE XXIV FESTA DAS PERSOAS MAIORES 2025

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPTE.: 2025/G006/000150
EXPTE. inicial:2025/G015/000002
ASUNTO: ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE XXIV FESTA DAS PERSOAS MAIORES 2025
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

Logo de ver a memoria asinada en data 02/05/2025 pola concelleira de Servizos, Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais que se transcribe:

"EXPTE: 2025/G015/000002
ASUNTO: ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE "XXIV FESTA DAS PERSOAS MAIORES 2025 DO CONCELLO DE DODRO"
TRÁMITE: MEMORIA

A Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais do Concello de Dodro, ten previsto realizar a actividade "XXIV FESTA DAS PERSOAS MAIORES 2025 DO CONCELLO DE DODRO " sobre a base das condicións, estipuladas no expediente de contratación 2025/C004/000005 iniciado para o proceso da licitación do servizo.

1. DENOMINACIÓN

O Concello de Dodro organiza dende a Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais, a "XXIV Festa das Persoas Maiores 2025", que ten por obxecto a celebración dun día festivo especial no ano adicado ás persoas maiores, que xa vai pola súa 24 edición.
Dáse resposta con esta actividade ás competencias municipais e ás necesidades sociais, xa que a "XXIV Festa das persoas maiores 2025" é un evento lúdico, cultural e de ocupación do tempo libre deseñado para favorecer o

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

desenvolvemento persoal, afectivo e social das persoas maiores de 60 anos empadroadas en Dodro, contribuíndo, ademais, a que desfruten de tempo de lecer de calidade.

2. OBXECTIVOS

Dende a Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais, trabállase para a consecución de obxectivos como:

- Potenciar a participación e integración das persoas maiores da comunidade na vida social e cultural do municipio.

- Fomentar a participación activa das persoas maiores como factor de cohesión social e como factor preventivo de determinadas problemáticas.

- Recuperar o protagonismo e utilidade social das persoas maiores.

-Ofrecer alternativas na utilización do ocio e do tempo de lecer proporcionando medios de entretemento axeitados á súa idade, gustos e intereses.

Con carácter específico coa celebración desta festa preténdese:

- Organizar un xantar de confraternidade para as persoas maiores do concello.
- Favorecer as relacións sociais entre a veciñanza
- Crear un espazo para compartir e desfrutar en compañía.

3. PERSOAS DESTINATARIAS

Está prevista a asistencia de 400 persoas maiores de 60 anos empadroadas no Concello de Dodro. Deberase formalizar a inscrición no evento trala recepción dunha carta invitación, no prazo e forma que se indique na mesma. Será necesario dispoñer da invitación para asistir.

4. CONTIDOS

A celebración da “XXIV Festa das persoas maiores do Concello de Dodro” inclúe as diversas actividades que se relacionan, entre as que serán obxecto do contrato e as realizadas polo propio Concello:

Misa cantada

Realización dun xantar para 400 persoas

Animación musical do evento e baile

Entrega de agasallos á muller e ao home de maior idade

Agasallos para todas as persoas asistentes

Servizo de transporte por todas as parroquias

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Publicidade, invitacións, inscrición e publicación de horarios

5. LUGAR E DATAS

Está previsto que a Festa se celebre o vindeiro sábado 21 de xuño de 2025, nas instalacións do Polideportivo Municipal.

6. ORZAMENTO

Conforme ao disposto no artigo 4.1 da ordenanza número 22 reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís, e outras actividades de carácter deportivo, lúdico popular e socio culturais organizadas polo Concello, proporciónanse os datos necesarios para a adopción do correspondente acordo de fixación do prezo público do Concello de Dodro e que son os seguintes:

O valor estimado ascende a 15.750 €, calculándose tendo en conta o prezo medio de mercado das prestacións incluídas, á vista do facturado nos exercicios precedentes, sendo os seguintes os importes:

XXIV FESTA DAS PERSOAS MAIORES		
Concepto de gasto	Valor estimado	Orzamento base licitación (con IVE)
400 menús	30 €/unidade:12.000 €	13.200 € (1.200-10%IVE)
Animación musical (5h)	250 €/hora: 1.250 €	1.375 € (125-10%IVE)
2 Agasallos (máis maiores)	150 €/persoa: 300 €	363 € (63-21% IVE)
400 Agasallos (gravados)	5 €/persoa: 2.000 €	2.420 € (420-21% IVE)
Seguro	200 €	242 € (42-21% IVE)
TOTAL	15.750 (IVE EXCLUÍDO)	17.600 euros (IVE ENGADIDO)

Polo tanto, o orzamento base de licitación é 17.600 €, incluídos custes directos e indirectos, beneficio industrial (B.I. del 6%), gastos xerais (G.X del 6%) e o IVA, correspondente.

O prezo final do contrato fixarase en función do número definitivo de persoas asistentes e do prezo menú/persoa ofertado pola empresa adxudicataria.

Asemade, os ingresos estimados para un prezo de **10,00 €** por persoa participante, son:

Prezo público proposto	Número de participantes	Ingreso total:

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

10,00€/persoa participante	400	4.000,00 €

- Gastos estimados: 17.600 €
- Ingresos estimados: 4.000,00 €

O prezo público non cubre a totalidade do gasto do servizo se ben, de acordo co establecido no artigo 4.2 da Ordenanza núm. 22 citada cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, poderanse fixar prezos por debaixo do custo do servizo.

O custo xerado para o Concello, non cuberto polo prezo público, será de 13.600 €, se ben tratándose no presente caso dun servizo que se presta por razóns culturais e de interese público, cuxos obxectivos son manter a celebración anual dun evento lúdico, cultural e de ocupación do tempo libre deseñado para favorecer o desenvolvemento persoal, afectivo e social das persoas maiores de 60 anos empadroadas en Dodro, contribuíndo, ademais, a que desfruten de tempo de lecer de calidade; no orzamento municipal prevese incluír dotación suficiente para atender a diferencia resultante e garantir o financiamento do servizo.

Documento asinado dixitalmente
María Teresa Batalla Romero
Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais."

Emitido informe por Secretaría-intervención con data 02/05/2025, e considerando a competencia que corresponde ao Pleno da Corporación de acordo co disposto no artigo 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das bases do réxime local,

PROPOÑO a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o establecemento do prezo público pola realización da actividade "XXIV Festa das Persoas Maiores 2025" de 10,00 € por persoa.

SEGUNDO.- Publicar o acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello así como no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

TERCEIRO.- Dar conta á Tesourería municipal e ao departamento responsable.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde accidental, Ramón Abuín Gómez (Res. Alcaldía núm. 176/2025 de 30/04/2025)"

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esta é a primeira vez que intentamos que os veciños de Dodro, participen, os veciños e veciñas de Dodro participen nunha actividade que ten un custo para o concello estimado duns 17.600€ e que se pide un importe de 10€ por persoa, nos parece unha cantidade razoable. Non se pretende que nadie sufrague os gastos, senón que se colabore e se comprometa á xente na asistencia incluso, porque antes había moita xente que, bueno, moita non, algunha xente que recollía a invitación e despois que polo que fose, non aparecía, deste xeito, entendemos que un pouco máis, un grado máis de compromiso e nos gustaría que fose aprobado e a primeira vez, fano así o resto dos concellos. Bueno, voulle dar un turno e xa o defende o portavoz do Partido Socialista de Galicia. Por favor Moncho."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *" Bueno, como dixo o alcalde, uns gastos estimados de 17.600€ e os ingresos estimados para 400 persoas, serían 4.000€ que pagarían os veciños e moito, se nos evitarmos esos gastos xudiciais,xa podíamos recuperar esos 4.000€, pero bueno. Decir que en todos os concellos estes da comarca, en todos hai unha aportación por cada persoa que acude, sen ir máis lonxe, en Padrón, onde reside o señor de XD, tamén tiveron que pagar, foi o outro día, 10€ cada un, dun prezo de menú que poñían de 40. Había o de animación musical, que se tal, entrega de agasallos á muller, ao home, alí non existían os agasallos para persoas asistentes, tampouco o servizo de transporte, tampouco e a publicidade, iso si, a publicación de honorarios. E ademais , os veciños de Rois, non son solo 10€, son 12€, e bueno, sabemos que antes non se cobraba, desde o principio, pero tamén, esto cada vez foi aumentando e tamén indicar, como dixo o señor Castro de que é unha forma de que o que se apunte, máis ou menos, vai, non?, porque estase dando a circunstancia de que, pouca xente si, pero algunha si como 10, 12 persoas que se apunta e ao final non están alí e o prato hai que pagalo. Nada máis, espero que se a probe, cas miñas dúbidas, pero bueno. Nada máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, dicir en primeiro lugar que a algúns non lle debe preocupar o tema dos avogados porque xa teñen avogado pagado e ben cobran todos os meses á conta dos pinos dos veciños. É a única persoa que cobra á conta dos pinos do Concello que por certo, algunha vez saberemos se os declara ou non os declara, na renta, eses cartos que vostede cobra de xeito mensual, por no facer nada. Eses cartos dos avogados, poderíanse ter aforrado si actuaran de acordo ca lei, pero non actúan de acordo coa lei, e por eso seguiremos reclamando e interpoñendo as accións xudiciais que consideremos oportunas. Estos 4.000€, xa os pagaron os veciños, porque os veciños xa os pagaron a través dos impostos, non é que o pagan unha vez, é que o pagan dúas veces, e vostede estalle esixindo o pagamento dunha actividade que pola cantidade sería moi fácil que se vostede pudera prescindir ou quixera prescindir, pois deses gastos que vostede se dispón alegremente, como e a persoa que ten vostede asignada para elaborar as publicacións do*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Facebook, que por certo, aínda non sabemos que procedemento de contratación se sigueu, porque sorprende que aquí se saca a contratación, pois uns botes de deterxente, unhas cousas de 400, 500€, e en cambio, levamos sete anos sen sacar un pliego de contratación para o asesoramento xurídico e levamos un ano e pico, sen sacar o pliego de contratación da persoa que redacta as publicacións do Facebook, e esa persoa, pois ao mellor, estamos falando de 6.000€ ao ano, para darse vostede o gusto de ter unha persoa que lle publique as noticias que vostede considera, eso si, preelaboradas polo persoal do Concello, porque a todo esto, haille que dar a noticia preelaborada, é dicir, non é que traballe, non, non que vai a buscar a noticia, non, non, a noticia hailla que mandar foto e texto e vostede lle está decindo que non ten recursos e que a xente lle ten que pagar, unha cantidade de persoas que algunhas delas, que apenas reciben unha pensión non contributiva, pensións moi baixas, e que ata agora o concello de Dodro, é que nunca tivo problema en financiar esta actividade, iso si, seguíanse outros criterios. Cales eran eses criterios?

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Está vostede rematando o tempo."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Primeiro os veciños, primeiro os veciños e despois, pois loxicamente, teñen que ser os intereses seus e do seu partido."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Con esta proposta, vese perfectamente o que lle importa a este equipo de goberno as persoas maiores de Dodro, non prestan aos maiores os servizos básicos de maneira áxil e eficiente. Non fan xa as homenaxes ás centenarias e aos centenarios de Dodro, non levan a cabo novos programas de atención para eles, non fan actividades para esa franxa de idade e agora, ata non fan excursións porque xa non teñen con quen contra programalas, pero si lles van a cobrar a festa dos maiores. Por suposto, o nos voto é non."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal :*"Dende unidade veciñal, cando estábamos no goberno, xa defendíamos que tiña que ter un mínimo pago esta actividade, porque éramos o único concello en toda a redonda,. Tamén lembro, que en Rianxo e Catoira, e bueno, xa se falou de Rois e outros sitios que tamén pagan polo servizo e incluso pagan máis. E bueno, claro, tamén hai que contar que as denuncias do señor Alfonsín que nos poden supoñer ao Concello case 8.000€, se non houber esa denuncia, pois case de financiaba a festa dos vellos, ou sea, podiámolas facer gratis e así, sáenos a pagar a todos os 8.000€, máis o que vai pagar a xente maior, eses 4.000€. Nós vemos que esa é unha medida que é boa facela, porque tampouco é unha maneira de que a xente se apunte e vaia ao evento, como dixo o alcalde antes,*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

había veces que se apuntaba máis xente da que iba, porque non había que pagar, pois eu apúntome e pois se ven o día e ao final vou ou non vou, entonces, bueno, tampouco é unha cantidade tan grande e xa diso, éramos o único concello que non cobraba nada, e bueno, por esta aportación mínima, creo que non vai pasar nada, nós imos a votar a favor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Moitas gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"A ver, é unha actividade, que desde que a dereita que gobernou o concello dende case 30 anos, se facía con cargo íntegro ás arcas municipais, pero os tempos cambiaron e agora a xente maior, ten necesidades básicas coas que sempre se compromete o Bng, apoia e apoiará as melloras necesarias para o benestar principal das persoas pero non é compatible, o comportamento dunha institución pública cunha actividade coma esta, tal e como se viña facendo. Claro, daquela viñan os cartos sen ningún tipo de problema, pero agora, á vista está o orzamento que temos, non? O equipo de goberno, sen embargo, non é consciente de que está en minoría e promove, pese a non ter os orzamentos, unha actividade sen unha consulta que acade o consenso da maioría do Pleno e ese é un erro recorrente do PSOE, que pensa que o que fai o fai ben e que lle temos que aplaudir e vese como unha e outra vez, se equivoca. O PSOE, no né quen de chegar a consensuar con outras forzas, antes do plenos, asuntos que interesan e beneficia a todo o mundo, para laiarse despois que non saen adiante as súas unitarias propostas, botarlle a culpa despois á oposición, como os rapaciños pequenos, e así lle vai a este goberno do PSOE en minoría."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, Bueno, pois eu, contestar dúas cousa. Bueno, acaba si. Un turno máis ao portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Fala o veceiro de XD, de avogados pagados, non sei, vostede ao mellor tenos pagados, aquí cada un pagou o seu, aínda que sea o avogado do concello ou o que sea, houbo que pagar o concello ou que non. Xa vimos a vostede a razón que lle dan no xulgado, xa ve a razón. Xa lle expliquei antes. En pasadas lexislaturas, de 37 , unha repetición dun Pleno e agora vai plo mesmo camiño, e bueno, xa lle explicará máis aquí o alcalde."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois eu, dúas cousas. Mire, falar de que esta actividade se sufraga cos impostos, é dicir mentira, os impostos que normalmente pagan os veciños, son para outro tipo de servizos básicos. A nós aínda que nos gusta atender ben aos veciños e veciñas de Dodro, facerlle unha festa boa parta os maiores, hai que recoñecer que non é un servizo especialmente básico, entonces bueno, pois nos seguinnos facendo un esforzo , xa digo 17.000€ de actividade, financiada pois case, pois mira ata 4.000 case, n o 70%, polo concello de Dodro, pois me parece que ,nos parece que é unha boa xestión.*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Segundo, asesoramento legal, com dixo o portavoz de Xente de Dodro, mire o asesoramento legal, desde que estamos aquí no concello, desde que estou eu de alcalde, m¡no ano 19, aforramos 29.000€ /ano, dun asesoramento legal que tiña vostede apalabrado para traballar no concello, 29.000€/ano. 20, 21, 22, 23, 24, vale? E 25, mire o que aforramos , 30.000€ cada ano, seis anos que van alá, fíxese esta xestión e encima, encima, aforrámoslle aos veciños e veciñas de Dodro, un montón de cartos que afortunadamente, se non fora a actitude do portavoz do Partido Popular, perdón, o portavoz, bueno naquel momento era tamén, naquel momento era, no 22 a última demanda que puxo, era portavoz do Partido Popular, ou sea que, din sen querer eh!, pero naquel momento hai que decir que era o portavoz do Partido Popular, custoulle aos veciños un montón de cartos e estalle custando, vale?

Entonces, eso segundo e respecto ao que dixo a portavoz do Partido popular, agora si, a actual portavoz do Partido Popular. Non prestamos servizos eses básicos, prestámolos todos, prestámolos todos. Non fan as actividades para esta xente, facemos todas as que se facían antes e seguímolas facendo, todas. Non fan excursións, home, pois ao mellora a unha persoa maior de concello igual lle ven mellor que a pista da súa casa estea un pouquiño mellor e un pouquiño máis arreglada e non que o leven de excursións, recordo calendarios do anterior goberno todo cheo de excursións e ao mellor este goberno, si que efectivamente está dotando de infraestruturas, de mellorar servizos básicos a todos os veciños e as veciñas de Dodro e ao final efectivamente, igual non se vai tanto de excursión, pero no se preocupe que iremos de excursión que estamos facendo excursións e vamos a ir de excursións. Estamos pendentes de ter, precisamente de ter un orzamento e de poder facer excursións, pois a conatos máis sitios, mellor. E bueno, dito esto, pois nada,imos pasar á votación, porque me parece que xa ten pouca discusión este tema."

Procédese a primeira votación.

Votacións:
Votos a favor: 5
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 1

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Producido un empate, de acordo co artigo 100 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, efectúase unha nova votación, cuxo resultado é o seguinte:

Votacións:
Votos a favor: 5
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 1
1 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Empate

Estado Proposta: Aprobada

Persistindo o empate, decide o voto de calidade do alcalde polo que se acorda a aprobación de dito acordo.

7. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DA LICENCIA DE TAXI Nº 2 DO CONCELLO DE DODRO

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

“EXPEDIENTE: 2023/V014/000001

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ASUNTO: PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DA LICENZA DE TAXI Nº 2 DO CONCELLO DE DODRO
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

Por parte do Pleno da Corporación municipal, en sesión realizada o 10/07/2024 acordouse aprobar o prego de cláusulas que rexería a adxudicación dunha licenza de taxi no Concello de Dodro así como o expediente; proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados puidesen presentar as proposicións que considerasen pertinentes, durante o prazo de 20 días naturais desde a citada publicación; e que rematado o prazo de presentación de solicitudes, se procedese á exposición pública da listaxe no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello así como no Boletín Oficial da provincia, a fin de que as persoas interesadas e as asociacións profesionais correspondentes puidesen presentar as alegacións que estimasen procedentes no prazo de 15 días de conformidade co artigo 10 do Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo e posteriormente continuar a tramitación do expediente.

Con data 07/08/2024 publicouse anuncio de licitación e o documento de pregos na Plataforma de Contratación do Sector Público, sendo presentadas as seguintes ofertas:

LICITADOR: ***122***
Razón social: PEREZ RIAL JULIAN
Data de presentación: 20/08/2024 13:18:45

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procedeuse á publicación no Boletín Oficial da provincia da Coruña (BOP) núm. 178 do 16/09/2024 da listaxe de solicitantes para adxudicación da licenza de taxi nº2 do Concello de Dodro, co obxectivo de que os/as interesados/as e/ou asociacións profesionais de empresarios/as e traballadores/as puidesen alegar o que estimasen oportuno en defensa dos seus dereitos no prazo de quince días, segundo o disposto no artigo 10 do Real Decreto 763/1979 de 16 de marzo polo que se aproba o Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos e Interurbanos de Transportes en Automóbiles Lixeiros.

Constando dilixencia de non presentación de alegacións no período anterior e transcorrido o mesmo, reúnese a mesa de contratación en data 29/10/2024 a fin de proceder á apertura dos Sobres A , adoptando os seguintes acordos:

*“PRIMEIRO.- Requirir ao PÉREZ RIAL, JULIAN con DNI ***122***, para que no prazo de tres días naturais, a contar desde a data da comunicación, SUBSANE os erros advertidos na documentación presentada, de xeito que presente os compromisos do Anexo I do prego de cláusulas.*

SEGUNDO.- SUSPENDER o acto ata a subsanación (ou non) por parte do

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

interesado, nos termos requiridos".

Con data 30/10/2024 16:31 h, foi presentada documentación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP) por parte do licitador PÉREZ RIAL, JULIAN con DNI ***122***.

A mesa de contratación reuniuse o 06/11/2024 a fin de comprobar a documentación requirida a efectos de subsanación, resultando ser correcta de xeito que entendeu procedente admitir definitivamente ao único licitador presentado:

A mesa de contratación en sesión do mesmo día 06/11/2024 procedeu á apertura do Sobre B relativo aos criterios avaliables automaticamente e á valoración dos mesmos, sendo o seguinte o resultado acadado:

Criterios cualificables automaticamente	Puntuación
A.1. Criterios non económicos	
Experiencia profesional como condutor ou condutora de taxi, como asalariado ou autónomo e/ou dedicación previa á profesión de taxista, acreditado mediante a oportuna licencia, no seu caso, e altas fiscais, ou contrato ou certificado de empresa e vida laboral: NON	0
Ter experiencia profesional no transporte de viaxeiros ou no transporte de mercadoría, como asalariado ou autónomo, acreditado mediante contrato ou certificado de empresa e vida laboral, ou altas fiscais: NON	0
Vehículo polivalente especialmente adaptado para transporte de persoas con discapacidade ou mobilidade reducida, durante un tempo mínimo de 3 anos: NON	0
Dispoñibilidade horaria: XORNADA COMPLETA CON SERVIZO NOCTURNO	10
Antigüidade do vehículo (data de primeira matriculación): MENOS DE SEIS MESES	10
Polas características ambientais do vehículo (segundo os distintivos da DGT): DISTINTIVO ECO	5
A.2. Criterios económicos	Puntuación
Oferta económica (canon): 14.000,00 euros	15
PUNTUACIÓN TOTAL	40

Na citada sesión a mesa de contratación adopta os seguintes acordos:

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

"PRIMEIRO.- Admitir definitivamente ao licitador presentado seguinte:

- *LICITADOR: ***122****
- *Razón social: PEREZ RIAL JULIAN*

SEGUNDO.- Propoñer ao órgano de contratación outorgar a seguinte puntuación ao único licitador presentado:

LICITADOR	*RAZÓN SOCIAL*	*PUNTUACIÓN*
****122****	*PEREZ RIAL JULIAN*	*40 puntos*

TERCEIRO.- Formular proposta de adxudicación da licenza de taxi número 2 do Concello de Dodro, ao tratarse do licitador que obtivo maior puntuación no procedemento e cuxa oferta é a seguinte:

Dispoñibilidade horaria: XORNADA COMPLETA CON SERVIZO NOCTURNO
Antigüidade do vehículo (data de primeira matriculación): MENOS DE SEIS MESES
Polas características ambientais do vehículo (segundo os distintivos da DGT): DISTINTIVO ECO
Oferta económica (canon): 14.000,00 euros"

En sesión realizada polo Pleno da Corporación municipal o 14/11/2024 acordouse:

"PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación, admitindo á mesa ao único licitador presentado:

*LICITADOR: ***122****
Razón social: PEREZ RIAL JULIAN

SEGUNDO.- Clasificar por orde decrecente as ofertas admitidas e non excluídas ou rexeitadas, ordenándoas de forma decrecente en función da puntuación obtida e que a continuación se indica:

LICITADOR	*RAZÓN SOCIAL*	*PUNTUACIÓN*
****122****	*PEREZ RIAL JULIAN*	*40 puntos*

*TERCEIRO.- Requirir ao licitador PEREZ RIAL JULIAN con NIF ***122***, a fin de que dentro do prazo de DEZ días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibira o requirimento, presente:*

a) A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado, Xunta de Galicia e Concello de Dodro) e coa Seguridade Social, no caso de que non puidera comprobarse esta polo Concello, por calquera causa.

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

b) Documentación acreditativa do réxime de utilización do vehículo que se vai a adscribir ao servizo e do cumprimento por este dos requisitos técnicos esixidos pola normativa vixente e polos pregos e, no seu caso, a documentación acreditativa das condicións alegadas para a valoración.
c) Seguro de responsabilidade civil polos danos que poda ocasionarse no transcurso do servizo, nos termos establecidos pola normativa vixente.

CUARTO.- Remitir á Dirección Xeral da Xunta de Galicia competente en materia de transportes a documentación da persoa seleccionada, co fin de que no prazo máximo de TRES meses emita informe de modo vinculante sobre o cumprimento dos requisitos para poder ser titular de autorizacións interurbanas de taxi, de acordo co disposto no apartado 4 do artigo 16 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia."

Efectuado requirimento ao interesado, preséntase documentación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o 04/12/2024.

Reunida a mesa de contratación a fin da comprobación da documentación, efectúase novo requirimento que é contestado en data 30/01/2025.

Reunida a mesa de contratación o 31/01/2025, acorda prestar conformidade á documentación presentada por JULIÁN PÉREZ RIAL, con DNI ***122***, en relación á proposta do Pleno de adxudicación da licenza de taxi número 2 do Concello de Dodro, por considerala completa e xustificativa dos requisitos previos, de acordo co PCAP.

En sesión realizada polo Pleno da Corporación municipal o 06/02/2025 acordouse:

*"Primeiro.- Adxudicar a licenza de taxi número 2 do Concello de Dodro a JULIAN RIAL PÉREZ, con DNI ***122***, expediente 2023/V014/000001, de acordo co establecido no Prego de cláusulas e coa oferta presentada seguinte:*

1. *Dispoñibilidade horaria: XORNADA COMPLETA CON SERVIZO NOCTURNO*
2. *Antigüidade do vehículo (data de primeira matriculación): MENOS DE SEIS MESES*
3. *Polas características ambientais do vehículo (segundo os distintivos da DGT): DISTINTIVO ECO*
4. *Oferta económica (canon): 14.000,00 euros*

Segundo.- Notificar aos licitadores o presente acordo, requirindo ao adxudicatario o pagamento do canon ofertado no prazo de 10 días hábiles a contar desde a recepción da notificación.

Terceiro.- Comunicar á Dirección Xeral competente en materias de transportes da Xunta de Galicia a identidade do adxudicatario así como os datos da licenza, do vehículo e demais esixibles, de conformidade coa normativa reguladora

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

aplicable.

Cuarto.- Publicar o acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público".

Con data 10/03/2024 e núm. Rexistro de Entrada 407 preséntase polo interesado a xustificación de pagamento das taxas e do canon ofertado.

Con data 14/03/2025 efectúanse os trámites administrativos correspondentes coa Xunta de Galicia a través da Plataforma R-Taxi, habilitada ao efecto.

Con data 18/03/2025 emítese informe favorable polo Servizo de Mobilidade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes que esixe a presentación de documentación por parte do adxudicatario.

A citada documentación foi presentada no Rexistro de Entrada do Concello o día 24/04/2025 con núm. 202500000000574 por parte do interesado.

Considerando o disposto no artigo 3 do Decreto 103/2018, do 3 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013 do 30 de maio de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia, propoño ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Adxudicar DEFINITIVAMENTE a licenza de taxi número 2 do Concello de Dodro a JULIAN RIAL PÉREZ, con DNI ***122***, expediente 2023/V014/000001.

SEGUNDO.- Notificar o acordo ao adxudicatario indicando expresamente que a súa eficacia queda condicionada á Resolución favorable da Administración Autonómica.

TERCEIRO.- Inscribir o acordo no Rexistro de Títulos Habilitantes e remitilo á Administración Autonómica a fin de que resolva o procedemento relacionado coa autorización interurbana en coherencia co decidido no informe vinculante previo.

Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde accidental,
Ramón Abuín Gómez (R.A. 176/2025 do 30/04/2025)"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Estamos na parte final do procedemento que é a proposta de acordo definitivo. Houbo un solo licitador, estivo a disposición de todos os concelleiros. Esto é a adxudicación definitiva porque, fíxose unha adxudicación provisional tamén aquí no Pleno, mandóuselle toda a documentación á Xunta, a Xunta, digamos aceptou e queda os tres puntos finais do acordo que son, primeiro adxudicar definitivamente a licencia de taxis número dous do concello de Dodro a Julián Rial Pérez. Segundo, Notificar o acordo ao adxudicatario indicando expresamente que a súa eficacia queda condicionada á Resolución favorable da Administración Autonómica, que*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

xa a ten e terceiro Inscribir o acordo no Rexistro de Títulos Habilitantes e remitilo á Administración Autonómica a fin de que resolva o procedemento relacionado coa autorización interurbana en coherencia co decidido no informe vinculante previo. Un turno a cada portavoz. Portavoz do partido socialista de Galicia.

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Nada. Explicado perfectamente polo alcalde "*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias Moncho. Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Si, bueno, nós rogaríamos que se fixera con máis axilidade, porque desde que presentou a documentación e o licitante, pasou case un ano. En outros concellos, solo había un licitador e creo que non houbo alegación ningunha, psea que, rogaríamos un pouco máis de axilidade, sabemos que noutros concellos onde se adxudicaron catro taxis e con alegacións e con todo, pois fíxose en dous meses practicamente, ou sea que regaríamos un pouco máis de axilidade no tema, porque, o licitante, tamén un ano enteiro esperando pola licenza de taxis, nos parece exaxerado, pero bueno, estamos a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Non era sen tempo, é longa a tramitación dun expediente coma este, pero ao noso entender, demorouse demasiado por parte do Concello, e máxime, cando se trata do inicio dun posto de traballo, polo tanto, claro que imos a apoiar que finalice este expediente."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Parido Socialista para rematar."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Nada."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No?. Bueno, pois eu dicirlle unha cousa aos concelleiros que teñen dúbidas sobre a lentitude so Concello, dicirlles que este é un procedemento que non se presentaron demasiados profesionais, presentouse un solo, e entón hai que cumprir os prazos para requirimentos de documentación, etcétera, etcétera, etcétera, non foi solo a tardanza por parte*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

do Concello, se non que o licitante tamén ten unha parte de responsabilidade porque sempre hai prazos que cumprir, hai documentos que aportar e creo que vostedes son conscientes de que non é o mesmo solicitar unha licencia de taxi en Santiago, que saen de 50 en 50, se presentan os profesionais do sector que teñen toda a documentación controlada e máis que controlada, e a presentan inmediatamente e os prazos se poden acortar, no concello de Dodro, presentouse unha persoa soa, un veciño do Concello e o Concello axudou todo o que puido para que este expediente chegase a bo término, axudouse bastante, moito , para que todo saíse ben. En todo caso, imos a proceder á votación."

Procédese á votación.

Votacións:11
Votos a favor: 11
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

C) MOCIÓNS:

C.1) MOCIÓNS ORDINARIAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Agora imos coas mocións, a primeira é unha monición presentada por Unidade Veciñal de Dodro, por favor,*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

se quere proceder á lectura."

8. MOCIÓN DE UVD DO ANO DE CASTELAO

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"Rebeca Rial Diz, e Xoán Xosé Vicente Franco como concelleiras da Unidade Veciñal de Dodro na corporación municipal do concello de Dodro, someten a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O ano 2025 foi declarado pola Xunta de Galicia como Ano Castelao, en homenaxe a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, figura esencial da cultura galega, símbolo do galeguismo e defensor incansable da identidade e dos dereitos do pobo galego.

Castelao foi un polifacético escritor, debuxante, médico, político e pensador, cuxo legado continúa vivo e vixente. A súa obra artística, ensaística e política representa un patrimonio inmenso que debe ser coñecido, recoñecido e celebrado por toda a cidadanía.

O Concello de Dodro, como municipio comprometido coa cultura, a lingua e a memoria histórica de Galicia, non pode nin debe permanecer alleo a esta conmemoración polo que propoñemos ao pleno o seguinte:

ACORDO:

Que o Concello de Dodro se sume oficialmente á celebración do Ano Castelao 2025, recoñecendo a súa relevancia para a cultura e identidade galegas.

Organizar, ao longo do ano, actividades culturais e educativas arredor da figura de Castelao, como exposicións, charlas, proxeccións de documentais, obradoiros para escolares e lecturas públicas da súa obra.

Coordinar accións cos centros educativos do concello para introducir contidos relacionados con Castelao e fomentar o coñecemento da súa traxectoria entre a mocidade.

Colaborar con outras institucións culturais como a Fundación Castelao na difusión de actividades vinculadas ao Ano Castelao.

Instar á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña a colaborar e apoiar economicamente as actividades que se desenvolvan no marco desta conmemoración.

Procede coa lectura da moción Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal.

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Vimos aquí na proposta do acordo que fala que o concello de Dodro se una á celebración dos actos e outros temas, eu diríalle que deberan modificar, bueno, con emenda, instar ao grupo de goberno a que se sume á celebración dese ano porque o concello de Dodro, de que o concello de Dodro se sume oficialmente e instar ao grupo de goberno. E segundo, no apartado organizar ao longo do ano actividades culturais educativas arredor da figura de Castelao falta crédito. Estamos sen presuposto e entonces, non creo que se poida. E no apartado 4, colaborar con outras institucións culturais como a Fundación Castelao na difusión de actividades ao ano Castelao. Igual, o crédito, non hai crédito, polo demais, si, está ben instar á Xunta de Galicia e á Deputación, a colaborar. Se cambia ese sentido, contará cos votos do Partido Socialista."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, nós en estes tema, pois imos a ser consecuentes cos nosos comportamentos e os que apoiamos de xeito e bueno, os que apoiamos á Fundación Castelao, tamén imos a apoiar esta moción, decir que realmente a situación pola que pasa a Fundación Castelao, opis non é a mellor e di bastante do comportamento de todas as entidades que tiñan algo, que teñen algo de responsabilidade no eido cultural. Sobre a falta de crédito bueno, iso que diga que non hai crédito para estas cousas e que continuamente esteamos sacando e sigamos sacando e gastando cartos en prensa, no Facebook, bueno, isto é como intentar, intentar non, tómannos ou intentan, si , intentan tomarnos o pelo todos os días,. Para esto non é que faga falta unha cantidade excesiva, e a verdade é que entendemos que a figura de Castelao, si o merece, si o mereceu en Buenos Aires e ben pouco se está a facer dende Galicia pola figura deste home."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nós estamos totalmente de acordo con todos os puntos e toda a exposición de motivos desta moción, co cal imos a apoiala."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nós vemos dende o BNG que a Unidade Veciñal vístese de nacionalista, con propostas que se pregoan dende sempre e se pregoaron, pois dende principios de este ano, gracias ao BNG, actividades que se están desenvolvendo por institucións e outros colectivos. Tócalle hoxe á Unidade Veciñal sumarse,*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

novamente ao carro das propostas do BNG, proposta nacional de implicación local, que lle criticarían ao BNG, se a presentásemos nós en xaneiro, unha proposta semellante, non? Hoxe a Unidade Veciñal é nacionalista, aínda que mañá non os vexamos en ningún acto nacionalista ou reivindicativo, mesmo nos poden sorprender desde as súas filas, pedindo o vota para Podemos, pero hoxe si, hoxe si se envolven na bandeira azul e branca , pero mañá iso, ao mellor xa non, que a estrela de cinco puntas pode ferir,. Nós defendemos ao noso país e a xente sábeo, non necesitamos mocións de autobombo e o de nacionalistas, que ninguén o mencionou en ningún momento, antes, levámolo nós no noso nome e non agochamos nada, Bloque Nacionalista Galego, pero parece que son incapaces de nomear a palabra nación que é o mellor resumo de xiros como o que hai aí na moción, que é defensor incansable da identidade e dos dereitos do poboa galego, a cultura e identidades galegas, un patrimonio inmenso. Tampouco en que á parte das indicacións que lle fixo o portavoz do Partido Socialista que a estas alturas do curso escolar, pouco se pode coordinar con centros educativos e máxime, figuras como Castelao ou Rosalía que xa están presentes nos currículos académicos dende sempre e por suposto, dende o principio do curso. Pero aínda así, porque entendemos a relevancia do primeiro presidente de Galiza, estamos dispostos a votar a favor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, unha actuación, un turno máis, señor..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Bueno, decirlle ao portavoz do Partido Socialista, de que non hai crédito, bueno, non ahi crédito precisamente o último punto é instar á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña a colaborar e apoiar economicamente as actividades que se desenvolven no marco desta conmemoración, ou sea, que tampouco non é nada de outro mundo, que si, que aceptamos o cambio, instar ao grupo de goberno, cambiamos e decirlle ao BNG que evidentemente, non sei cando fixo a proposta o BNG, aquí creo que a Pleno no veu, ou sexa, o BNG tamén, agora mesmo soamente poden ser nacionalista os militantes do BNG, o resto, parece ser que non podemos ser nacionalistas, podemos ser nacionalistas tamén, ou calquera que non sexa militante do BNG, no pode ser nacionalista? Castelao non era militante do BNG, era militante do BNG, Castelao? Castelao nestes momentos, entonces, ao non ser militante do BNG, non podería ser nacionalista, soamente poden ser nacionalistas os militantes do BNG. Bueno. Alá eles."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois com, en función de que evidentemente o texto, digamos, se cambia para instar ao grupo de goberno, nós tamén, non temos especial problema, intentaremos dotar de crédito ás actividades relacionadas co ano de Castelao. Non sabemos aínda de onde, pero bueno, xa veremos, pero si que coordinaremos e colaboraremos con outras institucións e instaremos á Xunta e á Deputación a que o ano de Castelao, de feito xa de acudiu, como concello de Dodro, a algún acto da Fundación Castelao e do ano de Castelao. Lamentablemente e polo que sexa non tivo repercusión en prensa. Entonces, se vos parece, procedemos á votación da moción, vale?."*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 11
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
20PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

9. MOCIÓN DO BNG PARA AVANZAR NA IMPLANTACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

Xoán Bautista Mariño Abuín, concelleiro portavoz do BNG na Corporación de Dodro, presenta a seguinte

Moción para avanzar na implantación das novas tecnoloxías
Exposición de motivos

No mundo actual que vivimos necesitamos tamén cada vez máis das novas tecnoloxías. Ben sexa para comunicarnos, para obtermos información ou mesmo para desenvolver traballos e trámites énos imprescindible móbil, tableta ou

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ordenador cunha boa conexión a Internet.

Desde as distintas administracións cada vez esíxeselle ao cidadán un maior dominio duns mínimos en ofimática. Existen xa títulos con distintos graos de coñecemento en materia de informática básica en eidos que van máis alá da escola convencional. Por iso este ensino é necesario que continúe como nolo esixen os distintos organismos desde a UE ata o concello de Dodro.

Para atender á xente o Concello de Dodro conta con distintas oficinas municipais e claro está posúen estas oficinas conexións a Rede de Redes imprescindibles nas distintas dependencias, a parte da aula de informática na Casa de Cultura a disposición do público.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Instar ao actual goberno a continuar con cursos de informática para a cidadanía.
2.- Instar ao goberno local a asinar coa Deputación da Coruña, Xunta de Galiza ou co Estado para instalar un ou varios postos con equipos informáticos de información para consulta, xestión e trámites da veciñanza desde o concello de Dodro.

Procede coa lectura da moción Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Bueno. Hoxe vou facer eu de portavoz do Partido Socialista de Galicia, nesta, no comentario desta moción. Evidentemente vamos votar a favor, o primeiro , pero recordarlle ao portavoz do BNG que por parte deste goberno xa se fixeron varias actividades de dixitalización e de axuda de acordo coa delegación de goberno, coa subdelegación de goberno, para a obtención de claves, de clave 365, estivo aquí persoal do Ministerio de interior para axudar á xente maior a atender á xente e temos unha obra que se fixo para mellorar na Casa de Cultura, a accesibilidade e estamos pendentes de volver a montar a aula de informática, aínda que decirlle tamén que o sistema nacional de seguridade, de novo, despois dos ataque de hackers a concellos como o de Teo, estanos complicando bastante o tema dese tipo de instalacións, pero desde logo, aceptamos tamén esta suxerencia e seguiremos facendo como estamos facendo. Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, aquí, un pouco din que non hai cartos e ao minuto seguinte, xa din que os hai, isto, e sin pasar sequera pola cuestión de confianza e sen ter aprobados os orzamentos. Entonces, esto, a verdade é que, bueno, se non é un disparate, pois se parece*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

bastante. Hai que , esto, deixa ben claro cal é o esquema mental, aquí do Partido Socialista que é o esquema mental de Pedro Sánchez, unha cousa e a contraria. Entonces, dinos unha cousa e a contraria, entonces, estamos continuamente. Acaban de decir, desde o minuto 1 que non hai cartos e vostede insiste en gastarlle, en facerlle gastar cartos. Pero cando vai darse conta vostede de que non hai cartos? Eu invitaríao a que fixera polas casas unha colecta entre os maiores e así como lle van a pedir 10€, pois que lle pidan 40 ou 50 e se organice entonces o curso de informática. Porque veñen de establecer agora, co seu apoio, un preo para cobrarlle aos que non teñen pensión e aos que teñen unha pensión non v¡contributiva e agora resulta que vostede quere que lle faga o curso, pero canto lle vai a cobrar polo curso? Primeiro terá que lle decir canto lle van a cobrar polo curso, porque senón, aquí, empezamos a casa polo tellado. Isto non ten ningún sentido e máis cando vostede non fai máis que votar continuamente, continuamente, ese estilo de goberno que o único que fai, o único que leva é un continuo desprezo cara aos veciños, especialmente cara os máis desfavorecido, tanto das familias que teñen falta de recurso económicos, como dos nosos maiores. Sempre, sempre, contra os mesmos."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, decirlle aquí ao señor Mariño, portavoz do BNG, ese grupo político que ten en propiedade a Castelao, por certo, polo que acabamos de escoitar que presentar unha moción por presentar, a verdade é que é un pouco absurdo. É unha pena que cando gobernaba non se acordara destas grandes e boas ideas, porque, home que eu recorde, neste Concello se están facendo este tipo de curso, pero non desde que están gobernando agora, nin de cando vostede formaba parte deste goberno, é que xa dende moitos máis anos, entón é un pouco por rellenar buratos, parece esta moción, non? Di no punto 2, instar ao goberno local a asinar, coa Deputación, coa Xunta de Galicia, asinar o que? ,porque non di o que quere asinar. Unha recollida de firmas, desas que tanto lle gustan a vostede, unha compra de algo, que quere asinar. Tamén fala de instalar postos de equipos informáticos, para que a veciñanza de poida informa, bla, bla, bla. Bueno, pero vostede mismo na moción, xa di que temos unha aula de informática, onde precisamente existe eses equipos informáticos para eso. Entón, parece com que isto non encaixa. Non sei si se lle pregunta a esa persoa que teñen en propiedade, igual lle da algunha luz e algunha idea pra presentar algo máis importante. Nada máis que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciña."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Si, bueno, eu tamén, estamos de acordo coa moción, pero bueno, eu incluso iría máis, engadiría co que fai falta agora mesmo, para, sobre todo ca xente maior, e para a xente que non está tan afeita ás novas tecnoloxías, a parte de curso, traer, creo que xa se fixera, o ano pasado, bueno, fai 2 anos ou 3, cando estabamos no goberno fixérase un curso de administración electrónica, por exemplo, sobre o DNI, o uso do DNI electrónico, so certificado dixital ou da chave 365, que é*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

fundamental agora para as persoas maiores e moitas delas, non saben de que vai o tema, nen saben usar ese tipo de ferramentas, eu creo que era bo tamén meter no acordo, eso, un curso de administración electrónica."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego : *"Rapidamente, para contestarlle a todos os portavoces, efectivamente, nós continuamos cos cursos de informática, non inventamos nada novo, fixémolo no goberno e vamos a seguir facendo traballo desde a oposición, ao mellor na oración do segundo acordo, que que pode faltar algo, pero eu creo que a propia portavoz do Partido Popular, douse conta de que pedimos un posto para que desde o Concello, se lle pida á Deputación, á Xunta de Galicia, repito se lle pida á Deputación, á Xunta de Galicia ou ao Estado, un posto para utilizaren as persoas, que como dicía o portavoz de Unidade Veciñal, cada vez está máis necesidade de aprender, un posto físico, un ou varios postos con equipos informáticos. Agora mesmo, xa a Deputación de Coruña, creo recordar, que está asinando convenios para ter un ordenador de uso público, distinto do das aulas informáticas, para que se lle facilite ese acceso ás persoas que queren buscar algo a través de internet, buscar algo no propio Concello, ou buscar algo da Xunta de Galicia ou do Estado. Iso ´ñe o que significa postos de equipos informáticos, que é como o definen.*
A Xente de Dodro, non sei, preocúpanlle moito os cartos, non sei porque será, eu non lle teño moito máis que decir á Xente de Dodro, está preocupadísimo polos cartos, ten unha teima cos cartos e con Pedro Sánchez, pero bueno, eu non sei, non sei moi ben que lle contestar, se quere votar a favor, vote, para que a xente de Dodro continúe tendo curso de informática, como di o señor alcalde que ten, tivo e seguirá tendo e se non quere votar a favor, vote coma sempre, non? Claro, nós insistimos que agradecemos sempre as colaboracións e as aportacións como acabamos de escoitar, para seguir en ese camiño, que é o que é o bo camiño, o da actualización."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois se lle parece, pasamos á votación da moción."*

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 3
0 BNG

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

C.2) MOCIÓNS URXENTES

Procédese a continuación a votar a urxencia e inclusión da seguinte moción na orde do día.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Seguinte punto do día, son as mocións urxentes, non hai ningunha, non hai ningunha, non?, Ah si!, perdón, perdón. Moción de urxencia, bueno, hai que votar primeiro a urxencia, explícase a urxencia da moción, por favor. Perdón, perdón, pensei que era unha moción das normales, porque había unhas preguntas dela tamén que titubeabamos de se chegaban en prazo ou non chegaban en prazo. Bueno.*

A moción de urxencia é por unha reclamación que apareceu de Comisións Obreiras, sobre o proceso de contratación pública para o servizo do SAF. Esta reclamación, estudouse co órgano de contratación, temos que emitir un informe, aquí hoxe, onde se di que, léoa toda?

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Non toda non a vas ler."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si, si, que a lea toda."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Non home, non."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"O primeiro punto, este."*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O Único que se solicita é aprobar a emisión so informe, para poder continuar co proceso de contratación. Entonces, bueno, un turno a cada portavoz. Bueno, é urxente, porque soamente había dous días de prazo para poder sacar isto adiante, entonces, pois nada. Portavoz do."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Pero a ver, que se vota primeiro, a urxencia?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A urxencia, estou explicando o texto."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *" E se votamos a favor da urxencia, queda aprobada?"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Queda aprobada?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, hai que volver a votar."*

Asunto: MOCIÓN DE URXENCIA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA

Ratificación da urxencia

Votacións:
Votos a favor: 11
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Resultado: Unanimidade

Ratificada a inclusión na orde do día, o Alcalde inicia o debate sobre a proposta, a cal se inclúe completa.

10. MOCIÓN DE URXENCIA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPTE: 2021/C004/000001
ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS
TRÁMITE: MOCIÓN DE URXENCIA

MOCIÓN DE URXENCIA

Ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia presentouse recurso especial en materia de contratación por parte do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia contra os pregos da contratación do servizo de axuda no fogar a persoas dependentes valoradas do Concello de Dodro, expediente 2021/C004/000001, licitado por dito Concello.

Con data 6 de maio de 2025 e Rex. Entrada núm. 202590000000309 recibiuse solicitude de expediente administrativo e de informe do órgano de contratación outorgando prazo de 2 días hábiles para a remisión dos mesmos.

O órgano de contratación correspondente á contratación do servizo de axuda no fogar a persoas dependentes valoradas do Concello de Dodro é o Pleno da Corporación municipal polo que é este o órgano que debe emitir o informe.

En consecuencia, de conformidade co artigo 45 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 171 do 14/10/2020) que define as *"mocións de urxencia"* como proposta que se somete directamente a coñecemento do Pleno por razóns de urxencia, debendo xustificarse a mesma e alcanzar a maioría absoluta para entrar a debatela, PROPONSE ao Pleno da Corporación municipal a adopción por maioría simple dos seguinte **ACORDO**:

ÚNICO.- Aprobar a emisión do informe que a seguir se indica e remitilo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Galicia:

Documento asinado dixitalmente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís

ASUNTO: INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN
RECURSO Nº: 77/2025

En relación ao **recurso especial en materia de contratación** presentado polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia contra os pregos da contratación do servizo de axuda no fogar a persoas dependentes valoradas do Concello de Dodro, expediente 2021/C004/000001, licitado por este Concello, **o órgano de contratación INFORMA**:

PRIMEIRO.- En canto á forma.

O artigo 50 da Lei 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos do Sector Público, establece que o procedemento de recurso iniciarase mediante escrito que deberá presentarse, cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos, no prazo de quince días que comezará a contarse a partir do día seguinte a aquel no que se publicase no perfil de contratante o anuncio de licitación.

No caso que nos ocupa, o anuncio de licitación e o documento de pregos foi publicado no perfil de contratante do Pleno do Concello de Dodro o día 26 de marzo de 2025, rematando o prazo de presentación de ofertas o 28 de abril de 2025 e rematando o prazo de interposición de recurso o 16 de abril de 2025.

O 29 de abril de 2025 publícase no Diario Oficial de Galicia núm. 81-Bis a "*RESOLUCIÓN do 29 de abril de 2025, da Secretaría Xeral da Presidencia, pola que se dá publicidade á Resolución da Presidencia da Xunta de Galicia do 29 de abril de 2025, pola que se dispón a ampliación xeral dos prazos nos procedementos administrativos a consecuencia da interrupción xeneralizada da subministración eléctrica acaecida o día 28 de abril de 2025*".

O 30 de abril de 2025 publícase a *"RECOMENDACIÓN de la Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado sobre ampliación de plazos en la tramitación de los contratos públicos como consecuencia del apagón eléctrico acaecido en España el 28 abril de 2025"* a cal indica: "*(...) Como consecuencia del apagón eléctrico habido en España el 28 de abril de 2025, cuyos efectos se dejan sentir a 29 de abril de 2025 al no haber sido solucionada aun íntegramente la incidencia, los operadores económicos y órganos de contratación de forma generalizada no han podido acceder y realizar los trámites vinculados a los procedimientos de contratación en curso a través de la Plataforma de Contratación del Sector Público, ello a pesar de encontrarse dicha Plataforma operativa.*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Este órgano colegiado, en el ejercicio de las funciones que tiene encomendadas, ha considerado oportuno adoptar una Recomendación, dirigida a los órganos de contratación, a fin de que admitan hasta las 23:59 horas del día 5 de mayo de 2025 la realización de aquellos trámites cuyo plazo venciera los días 28 y 29 de abril de 2025, previa adopción por el órgano de contratación y publicación en el perfil del contratante de los acuerdos oportunos, y ejecución de las acciones operativas necesarias para que las herramientas de licitación electrónica permitan la realización de dichos trámites hasta esa fecha."

A "*Orden PJC/414/2025, de 30 de abril, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 30 de abril de 2025, por el que se determina la aplicación de la ampliación de términos y plazos administrativos como consecuencia de la interrupción generalizada del suministro eléctrico acaecida el 28 de abril de 2025*" publicada no Boletín Oficial do Estado núm. 105 do 1 de maio de 2025 e pola que se acorda "*Determinar que la ampliación de los términos y plazos administrativos podrá extenderse, en los casos en que se hayan visto afectados por la interrupción generalizada del suministro eléctrico producida el 28 de abril de 2025, hasta las 0.00 horas del día 6 de mayo de 2025, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 32.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.*"

En consecuencia, o 30 de abril de 2025 disponse por parte da Alcaldía "*Modificar na Plataforma de Contratos do Sector Público o prazo para a presentación das ofertas establecido para a licitación do servizo de axuda no fogar a persoas dependentes valoradas do Concello de Dodro, de xeito que a finalización tería lugar ás 23:59 h do día 5 de maio de 2025*", polo que se procedeu a realizar as actuacións técnicas precisas na Plataforma de Contratación do Sector Público a fin de modificar o prazo indicado rectificando en consecuencia os anuncios correspondentes.

Indica o escrito de recurso presentado que a rectificación do anuncio de licitación e do prego conleva novamente a apertura dun novo prazo que posibilita a interposición do recurso.

En contraposición a esa afirmación, a Resolución 1437/2024 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (Recurso nº 1435/2024) en canto a un recurso interposto pola representación da Federación de Asociaciones de Empresas de Conocimiento e Ingeniería de España contra a rectificación do anuncio de licitación e condicións particulares dunha licitación convocada pola Autoridade Portuaria de Cartagena indica:
"*Segundo. El recurso se ha interpuesto fuera del plazo de quince días hábiles a contar desde el día siguiente a aquel en que se publicó el anuncio de licitación, de acuerdo con el artículo 50 de la LCSP, de forma que procede su inadmisión por extemporáneo con base en el artículo 55 d) de la LCSP.*
En efecto, aunque formalmente el recurso se dirige contra la segunda rectificación del anuncio de licitación y las condiciones particulares de la

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

licitación, en realidad el único motivo de recurso es la configuración de los criterios de adjudicación, como hemos señalado en los antecedentes de esta resolución. Dichos criterios son los inicialmente publicados con el anuncio y los pliegos de la licitación el 23 de septiembre de 2024. La rectificación posterior, publicada el 18 de octubre solo tiene por objeto la configuración de los sobres y el plazo de presentación de ofertas.
Atendido lo anterior, el recurso es extemporáneo, al dirigirse contra cláusulas de los pliegos que no han resultado modificadas tras la publicación inicial de aquellos, debiendo ser dicha fecha el díes a quo, a efectos del cómputo del plazo de interposición del recurso especial que es de quince días hábiles ex artículo 50.1 b) de la LCSP (en el mismo sentido nuestra Resolución nº 769/2024).
Transcurrido ampliamente el plazo, el recurso debe ser inadmitido por extemporáneo con base en el artículo 55 d) de la LCSP."

No caso que nos ocupa, o recurso diríxese contra os pregos da licitación se ben non tivo lugar modificación algunha das cláusulas dos pregos publicados inicialmente o 26 de marzo de 2025 senon que únicamente se procedeu a ampliar o prazo de presentación de ofertas como consecuencia da interrupción xeneralizada da subministración eléctrica acaecida o día 28 de abril de 2025, seguindo a recomendación da Junta Consultiva de Contratación Administrativa e a facultade conferida pola Orde PJC/414/2025, de 30 de abril referida.

Polo tanto, considera este órgano de contratación que procede a **INADMISIÓN do recurso especia**l en materia de contratación presentado polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia contra os pregos da contratación do servizo de axuda no fogar a persoas dependentes valoradas do Concello de Dodro, expediente 2021/C004/000001.

SEGUNDO.- En canto ao fondo.

Para o caso de que o Tribunal de Administrativo Central de Recursos Contractuais non acorde a inadmisión do recurso por extemporáneo, procédese a entrar nas cuestións de fondo plantexadas polo recurrente a fin da súa DESESTIMACIÓN para o que se emitiu informe polo Departamento de Servizos Sociais deste Concello nos termos que a continuación se indican:

> **Informe sobre o estudo de custos en resposta ao recurso especial en materia de contratación de data 03/05/2025**
>
> **Introdución:**
>
> Con carácter previo á licitación do servizo procedeuse a realizar un estudo de custos que afectan ao mesmo, e tal e como se expón nas consideracións previas do informe do calculo de custos, o obxecto " é determinar os custos asociados ao SAF Dependencia, estimando un valor máximo de licitación dentro dos prezos de mercado, respectando a libre

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

concorrencia das empresas e os criterios económicos e de calidade do servizo. Trátase de facer un cálculo realista pero estimado, xa que a progresión de usuarios e horas é imprevisíbel, polas propias características do servizo e dos seus potenciais receptores. Así mesmo, pode haber diferenzas respecto aos custes reais nos que vaian a incorrer as entidades interesadas, en atención aos diferentes factores que determinan a estrutura de cada empresa".

Dito isto, e sobre o fundamento de que se trata dun cálculo estimado, consideramos que o prezo resultante está dentro dos prezos de mercado e respecta tanto os custos de persoal establecidos no convenio de aplicación como os outros custos derivados da execución do servizo.

O artigo 100 da LCSP indica en canto ao orzamento base da licitación:

"1. Para os efectos desta lei, por orzamento base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que, en virtude do contrato, pode comprometer o órgano de contratación, incluído o imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario.

2. No momento de elaboralo, os órganos de contratación coidarán de que o orzamento base de licitación sexa adecuado aos prezos do mercado. Para ese efecto, o orzamento base de licitación desagregarase e no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento regulador da licitación indicaranse os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación.
Nos contratos en que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución forme parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará, de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional, os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia."

Con relación á determinación do prezo o artigo 102.3 da LCSP, establece que:

"Os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral de mercado, no momento de fixar o orzamento base de licitación e a aplicación, de ser o caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Naqueles servizos en que o custo económico principal sexan os custos laborais, deberanse considerar os termos económicos **dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais**

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

aplicables no lugar de prestación dos servizos.”

Normas de aplicación:

Pois ben, xunto ao feito non rebatido de que o convenio de aplicación é o II Convenio para a actividade de axuda a domicilio de Galicia, feitas todas as comprobacións previas que se consideraron oportunas non se atopou outro acordo ou regulamentación distinta da **Resolución de inscrición e publicación do acordo de mellora para o persoal que presta servizos de axuda a domicilio adscritos aos concellos de Padrón, Dodro, Rois e Lousame, do que é adxudicataria a empresa Servizos Sociais Ulla sar S.L.” BOP da Coruña núm. 140 do 27/07/2021.**

Así mesmo, comprobouse no REGCOM (Rexistro e depósito de Convenios Colectivos, Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade) que existe unha única inscrición e acordo que vincularía ao Concello de Dodro nunha licitación de servizos de axuda no fogar:

15100161122021	Servizos Sociais ULLA SAR, S.L. - Axuda a domicilio dos concellos de Padrón,[..]	OTROS ACUERDOS INSCRIBIBLES (ART. 2.1h)	Coruña (A)	27/07/2021	31/08/2020	31/12/2999	

Entendemos que o estipulado neste acordo **non se contradí no estudo económico** efectuado xa que se refire a condicións de traballo que directamente dependen da organización interna da empresa e dos servizos efectivos (plan de vacacións e organización dos cuadrantes horarios).

En ningún caso pode ser calculada ou estimada por exemplo unha achega económica que dependerá da voluntariedade dos traballadores aos requirimentos da empresa. E o mesmo sucede cos eventuais defectos de xornadas trimestrais, que non nos constan nin foron comunicados pola actual empresa.

En todos caso a **“opción de acollerse a esta modalidade de traballo será voluntaria”**, non pode polo tanto preverse anticipadamente un custe económico relacionado, nin así o traslada o recorrente.

Tal e como consta na documentación do expediente para o estudo de custos partiuse do cadro de persoal que remitiu a actual empresa adxudicataria en data 27/01/2025, despois de que a entidade procedera a realizar o que definiron como “rezonificación”, no que consta o persoal

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que na actualidade está realizando servizos no concello de Dodro. Esta empresa presta servizos en concellos limítrofes e anteriormente dábase a circunstancia de que unha mesma traballadora exercía en distintos servizos municipais. Houbo que solicitar varias aclaracións ao respecto así como reiterar a petición de datos necesarios a ter en conta no estudo de custos.

O estudo económico está baseado no cálculo do persoal necesario en función das horas de servizo a executar e da xornada laboral estipulada no convenio. Non se discute no recurso o dimensionamento realizado. Entendemos que o protocolo para ampliacións de xornada, novas contratacións e aumento de horas para xornadas parciais estipulado no Acordo de 27/07/2021 non se contradí no estudo económico realizado tampouco neste punto. Nin tampouco o recorrente fai un cálculo da suposta afectación. Trátase de que definido o dimensionamento do servizo se calcularon todas as contías económicas que conforman a masa salarial para chegar xunto cos demais custes indirectos a un prezo unitario que respectara as condicións do mercado actual.

En relación ao **"Acordo firmado en sede AGA, en el Consello Gallego de Realaciones laborales, expte. 87/21, denominado: Acordo de Mellora das condicións de traballo para o persoal que presta servizos de axuda no fogar adscritos aos concellos de Padrón, Dodro, Rois, Pontecesures e Porto do Son, que nestos momentos é adxudicataria ou contrata a empresa Servizos Sociais Ulla sar S.L. (actualmente Attende Care).**

Este Acordo non lle constaba ao Concello no momento da realización do estudo económico xa que non foi publicado no BOP, nin rexistrado no REGCOM, ao contrario que o anteriormente mencionado. Tampouco consta comunicación oficial, sendo incluso revisados os rexistros de entrada desde o ano 2021, por mor de se se fixera esta comunicación oficial, nin consta a validación que figura autorizada na cláusula última do referido acordo que se aporta co recurso.
Sorprende que se trata dun documento que non ten **data oficial** e que se achegou ás oficinas do concello persoalmente polos representantes sindicais despois de publicado o anuncio de licitación do servizo.
No momento en que a empresa aporta a documentación que se lle require aos efectos da subrogación do persoal, en varias ocasións, debidamente rexistradas no expediente, non achega ningún acordo subscrito cos traballadores, tan so a listaxe de subrogación. Nin tampouco posteriormente, cando se lle traslada unha pregunta feita ao respecto na plataforma de contratación.

Indicar polo que respecta á eficacia deste acordo empresa-traballadores, que corresponde a outras instancias a determinación da obriga de incluír as melloras que dito documento implica para todas as entidades locais ás

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que se refire, un total de cinco concellos, se ben non se entende que este acordo non fora, ao igual que o asinado e publicado en xullo de 2021, obxecto de rexistro, para a súa validación e publicación, o cal non se entende tanto polo seu contido como posibles consecuencias.
O que se ven a pretender e que o Concello no orzamento da nova licitación inclúa o custe que correspondería a unhas cantidades pactadas no ano 2021, para seren aboadas con cargo á futura licitación, sen que o concello estivera representado nesa negociación e sen que lle fora comunicado validamente o resultado do acordo.
Non podemos estar de acordo polo tanto en asumir que un pacto entre a empresa e os representantes dos seus traballadores no 2021, teñan que fixar as condicións a cumprir directamente por terceiros alleos, o Concello e a nova empresa.

Consideracións sobre o estudo de custos realizado:

Seguindo un dos principios básicos da contratación, que é a esixencia dunha eficiente utilización dos fondos públicos, no orzamento de licitación respectando en todo caso o establecido no convenio de aplicación, chegouse ao establecemento dun prezo axustado ao mercado actual.

No plano da revisión salarial, todos os conceptos económicos foron incrementados nun **3%** sobre as táboas do ano 2024 (O incremento real do IPC foi finalmente un 2,8%), co que no cálculo se incrementa un 0,2% a maiores do esixible). O recorrente aporta as táboas nas que figura importe salario base de auxiliar 1.244,01 e no estudo tívose en conta unha contía superior.

En canto á xornada, días festivos e días de asuntos propios, a estimación realizouse sobre o estipulado no convenio.

En canto á quilometraxe, consignamos unha contía de gasto igual á declarada pola empresa na última información aportada, en data 13/02/2025 sobre os quilómetros totais anuais realizados pola totalidade de traballadoras durante o ano 2024.

En canto ao tempo efectivo de traballo, no dimensionamento do servizo inclúense os desprazamentos como tempo efectivo de traballo, calculados nun 8%.

Os días de asuntos propios, considéranse tamén incluídos no dimensionamento do servizo xunto coa estimación de ausencias en xeral, nun 10%.

Os pluses que dependen da voluntariedade non se computan, por ser imposible a súa cuantificación.

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Estimáronse dúas pagas extra estipuladas no convenio para a cadro de persoal necesario.

Consideramos que o estudo económico realizado non presenta os erros argumentados no escrito de recurso, e que se axusta a unha estimación real dos custes, tendo en conta que respecta a normativa laboral en vigor e o acordo de mellora que nos constaba no momento da súa estimación.

Consideracións sobre o dimensionamento do servizo:

Sobre a cadro de persoal declarado pola empresa, de 22 auxiliares, con xornadas distintas, se calculou a necesidade de 19, 54 xornadas completas equivalentes; o concepto de XCE implica que as horas reais de prestación do servizo (28.800 horas) deben incrementarse en:
- 2.304 horas polos tempos de desprazamentos
- 2.880 polo absentismo, entendido en sentido amplo (inclúense aquí baixas médicas, permisos e licencias)
- 312 horas sindicais

Aínda que se trata dun cálculo simple a súa repercusión económica é de tal importancia que resulta que as 5.496 horas engadidas, supoñen un custe adicional respecto das horas realmente executadas de 126.682, 8 euros.
Entendemos que a empresa a través dunha axeitada xestión e organización dos contratos, xornadas, e cadros horarios podería asumir o custo do cumprimento das obrigas laborais básicas, así como os conceptos de gasto indirecto nos que pode incorrer, e que están cuantificados sobre o custo real actual, incluso superior, coa posibilidade de modificar partidas por defecto ou exceso na práctica.

Son as empresas interesadas as que deben, en función da súa estrutura e organización propias, realizar unha oferta da que só se indica o custe máximo unitario.

En resume, os gastos incluídos no estudo (alugueiro de oficina, subministro, formación, etc.), que non se teñen por que dar nesa contía, ou non é obrigatorio normativamente avalialos entre os custos, aínda se incrementan nun 3% (gastos xerais). E sobre todos os gastos calculouse un 6% de beneficio industrial.

Duración do contrato:

Trátase dun contrato de un ano de duración. Polo tanto, non podemos asumir a crítica do recurso en canto di que non se fai unha previsión adecuada á evolución e o incremento do IPC durante a vixencia da

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

> licitación. Todos os conceptos salariais foron calculados en función das táboas de 2024, cun incremento do 3% para o ano 2025.
> Establécense dúas posibles prórrogas que, en todo caso, son unha opción para o órgano de contratación, chegado ese momento.
>
> Finalmente dicir que o prezo unitario resultante é adecuado aos prezos de mercado xa que se atopa no rango recollido no resume da enquisa efectuada pola FEGAMP.
>
> "No análise dos 3 modelos de xestión (externalizado, municipalizado e mixto) non se aprecian diferenzas notables nos prezos medios, aínda que hai que ter en conta que no caso dos contratos externalizados producirase unha variación notable nos vindeiros anos atendendo aos datos dos que xa dispoñemos: os informes económicos dos 22 contratos que están no ano 2025 en tramitación suxiren que nos vindeiros anos os prezos seguirán subindo. A media destes estudos sitúase en 23,66 euros/hora, que van dende os 21,54 aos 28,58 Euros por hora. Noutros 16 concellos xa se materializou a adxudicación do contrato, onde a media sitúase nos 22,75 euros/hora, que va dende os **19,50 aos 24,69** €/Hora"
>
> O custe actual que está apagar o concello é de 22,75 euros
> O custe resultante do estudo económico é e 23,05 euros
>
> *Documento asinado electronicamente.*

A cuestión principal do recurso presentado está en determinar a eficacia do citado *"Acordo de Mellora das condicións de traballo para o persoal que presta servizos de axuda no fogar adscritos aos concellos de Padrón, Dodro, Rois, Pontecesures e Porto do Son"*, debendo ter en consideración o indicado ao respecto no informe do Departamento de Servizos Sociais arriba transcrito.

A este respecto, e a fin de propoñer a desestimación do recurso por parte dese Tribunal tráese a colación - por todas - a Resolución nº 57/2024 (Recursos 41 e 42/2024 acumulados) que literalmente di:

> "Séptimo.- No recurso 41/2024 el sindicato CIGA cuestiona las magnitudes económicas de la licitación, en concreto los costes salariales estimados por el órgano de contratación en la conformación del presupuesto, sobre la base de que los mismos no se corresponden con los pactos existentes en el convenio firmado entre la empresa actual prestadora del servicio y el sindicato representante de los trabajadores.
>
> También existe alguna crítica al respeto en el recurso 42/2024, así

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

como en relación con la información sobre la subrogación de los trabajadores, si bien y con independencia del que analizaremos de sucesivo, la ausencia de una mínima argumentación justificativa de las críticas recogidas impide ya una posible estimación del ahí cuestionado.

El artículo 100 de la LCSP indica respeto al presupuesto base de la licitación: “1. A los efectos de esta ley, por presupuesto base de licitación se entenderá el límite máximo de gasto que, en virtud del contrato, puede comprometer el órgano de contratación, incluido el impuesto sobre el valor añadido, salvo disposición en contrario.
2. No momento de elaborarlo, los órganos de contratación cuidarán de que el presupuesto base de licitación sea adecuado a los precios del comprado. A tal efecto, el presupuesto base de licitación se desglosará y en el pliego de cláusulas administrativas particulares o documento regulador de la licitación se indicarán los costes directos e indirectos y otros eventuales gastos calculados para su determinación. En los contratos en que el coste de los salarios de las personas empleadas para su ejecución forme parte del precio total del contrato, el presupuesto base de licitación indicará, de forma desglosada y con desglose de género y categoría profesional, los costes salariales estimados a partir del convenio laboral de referencia.. ”

Y el artículo 101 de la LCSP se refiere al valor estimado en los siguiente términos: “2. No cálculo del valor estimado se deberán tener en cuenta, como mínimo, además de los costes derivados de la aplicación de las normativas laborales vigentes, otros costes que deriven de la ejecución material de los servicios, los gastos generales de estructura y el beneficio industrial. Asimismo, se deberán tener en cuenta: la) Cualquier forma de opción eventual y las eventuales prórrogas del contrato. b) Cuando se previera abonar primas o efectuar pagos a los candidatos o licitadores, la cuantía de estos. c) En caso de que, de conformidad con el dispuesto en el artículo 204, se previera en el pliego de cláusulas administrativas particulares o en el anuncio de licitación a posibilidad de que el contrato sea modificado, se considerará valor estimado del contrato el importe máximo que este pueda alcanzar, teniendo en cuenta la totalidad de las modificaciones al alza previstas. En los contratos de servicios y de concesión de servicios en que sea relevante a mano de obra, en la aplicación de la normativa laboral vigente a que se refiere el párrafo anterior se tendrán especialmente en cuenta los costes laborales derivados de los convenios colectivos sectoriales de aplicación. (...)”

Con relación a la determinación del precio el artículo 102.3 de la LCSP, establece que:
“Los órganos de contratación cuidarán de que el precio sea adecuado para el efectivo cumplimiento del contrato mediante la correcta estimación de su importe, atendiendo al precio general de mercado, en

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

el momento de fijar el presupuesto base de licitación y la aplicación, de ser el caso, de las normas sobre ofertas con valores anormales o desproporcionados.. En aquellos servicios en que el coste económico principal sean los costes laborales, se deberán considerar los términos económicos de los convenios colectivos sectoriales, nacionales, autonómicos y provinciales aplicables en el lugar de prestación de los servicios."

El escrito de recurso 41/2024, como dijimos, se fundamenta en que el presupuesto previsto no incluye la regularización salarial prevista en el convenio colectivo para el personal adscrito a los servicios de recogida de residuos sólidos y limpieza viaria del Ayuntamiento de Nigrán, adscrito a la empresa Cespa SANA, actual Prezero, firmado por los representantes de la dito empresa y el sindicato aquí recurrente.

En concreto, la cláusula 12.1.7 diera convenio, tras prever una revisión salarial anual para el período 2022-2024, establece el siguiente: "No supuesto que en el momento que se dé la revisión salarial, de cada uno de los años, no se hubiera producido la subrogación del personal por cambio de concesión, se abonaría la diferencia en el momento en que se hiciera efectivo dito subrogación. La diferencia salarial será abonada con carácter retroactivo desde lo 1 de enero de cada uno de los años afectados por la revisión. Esta revisión salarial so será de aplicación cada uno de los años recogidos una vez que se produzca la efectividad de subrogación en base a nueva adjudicación cualquier que sea la nueva empresa."

En resumen, lo que se pretende es que el Ayuntamiento en el presupuesto de la nueva licitación incluya el coste correspondiente la unas cantidades pactadas en el año 2021 entre la actual contratista y el sindicato para ser abonadas con cargo es futura licitación, y que segundo el propio recurso "supone una subida acumulada del 10,45%".

Entrando ya en el análisis del debate presentado, nuestra primera reflexión debe necesariamente estar dirigida a centrar lo que será el pronunciamiento de este Tribunal y nuestras competencias al respeto. Así, no nos corresponde resolver sobre los posibles derechos de los trabajadores ni aspectos a dilucidar en su caso ante la jurisdicción social, sino que únicamente cabe que con la vista en el dispuesto en la LCSP determinemos si, tal y como pretende el recurrente, el Ayuntamiento estaba obligado en su estimación de las magnitudes económicas de la licitación a atender a los particulares pactos existentes entre la empresa adjudicataria y la representación sindical.

Ya anticipamos que nuestra respuesta solo puede ser negativa, como ahora explicaremos.
Un aspecto principal para este debate es precisamente el establecido

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

en esa cláusula del convenio que el sindicato pretende sea aplicable, y en concreto el siguiente: “Esta revisión salarial so será de aplicación cada uno de los años recogidos una vez que se produzca la efectividad de subrogación en base a nueva adjudicación cualquier que sea la nueva empresa”.

Como claramente muestra esa redacción, su objeto es el abono de importes salariales previos la esta licitación, que se pretenden diferir en el tiempo para que sean asumidos por el Ayuntamiento contratante con cargo a la nueva contratación, algo que no cabe acoger válidamente.

Como señala el art. 100 LCSP al referirse al presupuesto de una licitación, este es el importe máximo que el órgano de contratación puede comprometer “en virtud con el contrato”, es decir, la causa y con origen precisamente en esa prestación a ejecutar derivada de la licitación, por lo que de ningún modo puede amparar actuaciones ajenas a la misma, como aquí se pretende por el sindicato recurrente.

En ese sentido, esa revisión salarial pactada, y cuya efectividad se pretende tenga inicio con la nueva adjudicación y con efecto retroactivo, estaría abonando trabajos realizados no en esa nueva contratación sino durante la previa actualmente en vigor, por lo que no pueden válidamente integrarse en el presupuesto aquí analizado, pues son trabajos que no se corresponden con ese contrato futuro.

En esta misma línea se pronuncia el artículo 101.2 LCSP al referirse al valor estimado, que aparece lógicamente vinculado al coste material de los servicios, algo que como acabamos de explicar no sucede en la pretensión del recurrente, que se refiere al abono por prestaciones que no se corresponden con ese objeto del contrato licitado. A lo que hay que añadir que el artículo 101, igual que el 102 al regular el precio, no hace ninguna referencia al convenio de empresa para la correcta estimación de su importe.

Además del ya señalado, otro motivo que determina la desestimación del motivo de la impugnación ven determinado por el explicado con claridad en la Sentencia del Tribunal Supremo del 3.07.2023, núm. rec. 906/2023, en relación con el alcance del dispuesto en determinado convenio colectivo. Señala esa Sentencia:
“La Sala comparte los razonamientos de la sentencia de instancia, que cómo se ha visto se apoyan en él alcance y eficacia de los convenios colectivos de acuerdo con los artículos 82 y siguientes de él Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por él que se aprueba él texto refundido de la Ley de él Estatuto de los Trabajadores, de los que resulta que los convenios colectivos extienden su fuerza obligatoria a los empresarios y trabajadores incluidos en su ámbito de aplicación, sin que puedan extenderla más allá a empresario y trabajadores ajenos la

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

te lo dice ámbito. Los anteriores razonamientos sobre la eficacia y alcance de los convenios colectivos eres conforme con la jurisprudencia de la Sala de lo Social de este Tribunal Supremo sobre la materia, que se recogen en la sentencia de 31 de marzo de 2022 (recurso 59/2020), con cita de la sentencia, también de la Sala 4ª, de 23 de enero de 2020, (recurso 157/2018), que señalan: ".....él convenio colectivo en el puede contener cláusulas obligacionales que afecten la quienes en el son parte en la negociación, ni en su contenido normativo cabe establecer condiciones de trabajo que hubieran de asumir empresas que en el estuvieran incluidas en su ámbito de aplicación. Así se infiere de él art. 82.3 ET, al disponer que los convenios colectivos regulados por su Título III obligan a todos los empresarios y trabajadores incluidos en su ámbito de aplicación, en él que sólo pueden estar comprendidos quienes, formal el institucionalmente, estuvieron representados por las partes intervinientes en la negociación de él convenio...".

Por otra parte esta es la senda que también establecía la jurisprudencia bajo la normativa anterior. En este sentido la Sentencia del 24.12.2003 (núm. Rec. 199/2003), Sala del CA:
“Pero, afectando la anterior afirmación al convenio colectivo de él sector, en el puede decirse lo mismo de él convenio de empresa, ya que las condiciones laborales y económicas que la Administración ha de imponer al nuevo adjudicatario deben ser las que se establecen en él convenio de él sector, que eres la norma que impone la subrogación de él personal, pero en el las que él anterior adjudicatario pueda haber negociado con su personal, cuyas mejoras las asume personalmente con cargo al precio de él contrato, sin que sea aplicable para este caso la Directiva 2001/23/CEE, en tanto su artículo 1.1 aclara que se aplica a las transmisiones de empresas, de centros de actividad el partes de actividad a otro empresario como resultado de una cesión contractual lo de una fusión, lo que en el eres él caso dado que en el existe relación entre empresarios sino sucesión de contratos administrativos para la prestación de él servicio de limpieza, siendo de recordar que las anteriores Directivas 98/50/CEE y 77/188/CEE, así como él artículo 44 de él Estatuto de los Trabajadores, de adaptación de aquellas a nuestro ordenamiento, contienen derechos de índole puramente laboral que deben hacerse valer ante los órganos de la jurisdicción social. Piénsese que él convenio de empresa vincula la la empresa que lo suscribió y a sus trabajadores, por lo que en el puede extenderse lo trasladarse a la nueva adjudicataria a través de él pliego de cláusulas administrativas, además de que ello entrañaría que la Administración se vería obligada a asumir él precio de las condiciones pactadas entre la anterior adjudicataria y sus trabajadores, lo que conculcaría él contenido de él artículo 14.1 de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, en su último inciso, en cuanto establece que él órgano de contratación cuidará de que él precio de los contratos sea él adecuado al mercado, además de que iría en contra de la cláusula 1.1.4 que impide que él

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

personal de la adjudicataria alegue derecho alguno en relación con la Administración contratante, de la cláusula 8.1 que hace constar que la Administración será de él todo ajena a las relaciones laborales de aquel personal, que dependerá exclusivamente de él adjudicatario, y de la cláusula 8.10.4 que impide él traslado al Hospital del Meixoeiro de él coste de cualquier mejora en las condiciones de trabajo lo en las retribuciones de él personal de la adjudicataria, sí ha sido consecuencia de convenios colectivos, pactos el acuerdos de cualquier índole, pues eres él propio adjudicatario quien se compromete a retribuir personalmente a su personal con cargo al precio de adjudicación de él servicio".

Reflexiones que son aplicables al presente supuesto, en el que a través de unos pactos entre una empresa y los representantes de sus trabajadores se pretenden fijar condiciones o deberes a cumplir directamente por terceros ajenos la esa negociación, como es el Ayuntamiento y la subsiguiente contratista, y con efectos retroactivos. O, dicho de otro modo, se pactan unas condiciones a asumir hacia el futuro directamente tanto por el órgano de contratación como por los futuros adjudicatarios, ajenos al marco de la negociación efectuada en su día..

Destacar además que la pretensión expuesta por el recurrente choca con principios básicos de la contratación, como es la exigencia de una eficiente utilización de los fondos públicos fijada en el artículo 1 LCSP, en cuanto obligaría a la Administración a asumir costes no solo ajenos al servicio a licitar, como ya hemos explicado, sino fijados por terceros con intereses lógicamente diferentes al interés público, en los que descansaría en definitiva la fijación de condiciones tan determinantes de la nueva licitación como es su presupuesto.

Este es el sentir generalizado por otros Tribunales encargados de resolver el recurso especial en materia de contratación ante debates semejantes a lo que nos ocupa.

En este sentido, y en cuanto se refiere la insuficiencia del presupuesto base de licitación, el TACP de Madrid recientemente, en consonancia con pronunciamientos anteriores indicó en su Resolución 126/2024: "Por tanto, mediante un convenio colectivo de empresa suscrito teóricamente seis días antes de la aprobación de él procedimiento de contratación por él pleno, se pretenden alterar las condiciones laborales incrementado los costes de personal, que sería tanto como dejar en manos de la empresa destaque y de sus trabajadores la fijación de él presupuesto base de licitación, lo cual eres de todo punto improcedente. (...) Pues bien, considerando que en el compete la este Tribunal determinar él convenio de aplicación, que él órgano de contratación ha fijado los costes salariales con base en él convenio que

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

> se aplica al personal prestador de él servicio en él momento de elaborarse los pliegos y que en el ha quedado acreditado que él presupuesto esté por debajo de los costes laborales derivados de él convenio colectivo sectorial de aplicación, se desestiman las pretensiones de la recurrente."
>
> Por citar alguna mas en el sentido apuntado, la Resolución 115/2022 del OARC: "La subrogación obligatoria invocada en el deriva directamente de las previsiones de la Directiva lo de él artículo 44 ET, sino que eres efecto de un Convenio Colectivo que la impone. En este caso, él único instrumento de negociación colectiva alegado en él recurso eres un "Pacto de empresa " que se adjunta al mismo y que incluye la citada subrogación en su artículo 5. Este Órgano ya ha señalado que un pacto el convenio que afecta únicamente la la empresa que venía ejecutando la prestación carece de la eficacia general la la que se refiere él artículo 130.1 de la LCSP y en el vincula al resto de los operadores económicos (ver la Resolución 93/2019 de él OARC / KEAO), lo que impide que él Pacto invocado pueda ser la base legal de la subrogación obligatoria pretendida".
>
> Igualmente, ese proceder permitiría actuaciones contrarias a la libre competencia, pues dejaría en las manos de la actual adjudicataria del servicio poder configurar determinados aspectos de la futura licitación, lógicamente en perjuicio del resto de interesados".

Polo tanto, considera este órgano de contratación que procede a **DESESTIMACIÓN do recurso especia**l en materia de contratación presentado polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia contra os pregos da contratación do servizo de axuda no fogar a persoas dependentes valoradas do Concello de Dodro, expediente 2021/C004/000001.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Explicada a moción, xa queda explicada, un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si, como ben dixo o alcalde, trátase de responder a unha reclamación de Comisións Obreiras, e aprobar a emisión do informe que se indique e remitirlle ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública e polo tanto, desestimar esa reclamación, ese recurso especial en materia de contratación, presentada polo sindicato de Comisións Obreiras."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, pois o din*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ben claro no seu recurso, din que de non suspenderse a tramitación, os licitadores poderían verse afectados pola regulación nas súas respectivas ofertas para este contrato, polo tanto, bueno, pois entendemos que o recurso debe ser atendido."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nós, non temos nada que dicir en base á contratación, abstivémonos nela e por suposto, ímonos abster aquí por coherencia."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Nós tamén, por coherencia, xa votamos en contra cando foi da contratación, e bueno, vemos que xe empezan a vir os problemas antes de habelos, entonces xa, antes de aprobarse, entonces, por coherencia, non imos votar a favor, claro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Pois nós si imos votar a favor, porque no lle vemos ningún problema a esta petición que se fai, non , se leron os compañeiros e compañeiras da corporación, non lle vexo ningún tipo de problema, necesitamos canto antes que estea e que teñamos esa licitación, ven tarde, xa o dixemos no seu momento, por parte do Partido Socialista, pero ben, chegou e polo tanto vamos a apoiar, porque o que necesita Dodro, canto máis antes que estean as persoas maiores atendidas cunha empresa ."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, pois vamos proceder á votación."*

Procédese a votación

Votacións:
Votos a favor: 4
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 3
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría simple

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo

D) CONTROL DO GOBERNO:

9. ROGOS E PREGUNTAS

Rogos escritos

Non hai

Rogos orais

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Alguén ten algún rogo oral?"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Alguén ten algún máis?, Non? Portavoz do Bloque Nacionalista Galego, por favor."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nós rogaríamos que canto antes que se poñan tódolos medios posible, agora que vimos de aprobar unha moción de tema informático, para que funcione ben a emisión dos plenos en directo e a páxina web, claro. Actualizar a páxina web"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non é para contestar, pero hoxe está funcionando perfectamente. Creo que está saíndo perfectamente o Pleno, si, si. Cremos que sabemos onde está un pouco o tema. En todo caso, grabamos e pasamos entonces ao tema das preguntas."*

Preguntas escritas

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"A pregunta é si vai haber brigada de obras para actuar polas aldeas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vaille contestar o concelleiro de obras."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Pois mire, xa está actuando."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Cando comenzará o goberno a limpar elementos como marquesiñas, lavadoiros e camiños que levamos pedindo cando a veciñanza dende hai tempo?"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Dentro de unha programación elaborada, cando lle toque a quenda."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Como ten pensado o goberno de Dodro recoller o patrimonio oral que queda polas aldeas, como suxeriu Xabier Díaz, na presentación do seu cancioneiro galego Serodio?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois voulle a contestar eu porque estabamos moitos de nós, nesta presentación e estamos pendentes de que nos envíe a documentación, digamos dixital, das cantigas recollidas e estamos falando coas traballadoras de cultura para organizar un traslado aos colexios, aos coles, ao CPI e ao CRA, para que a través dos nenos, se lles faga chegar ás súas familias esta información, se reproduza nas casas e ter aí un acceso posterior ás familias, a partir dos nenos, que soen ser máis, a veces máis efectivo, que non que cheguemos os concelleiros ou os políticos a pedir esto, non?*

E agora, había máis preguntas escritas. Unha de Unidade Veciñal, creo."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Eu tiña unha pero de hai dous meses."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Do anterior Pleno ordinario, entendo."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Do anterior Pleno, que me dixo que iba a contestar por escrito , non a contestou por escrito e tiña a obrigación de contestala por escrito, Nin a contestou no Pleno. E díxome que a iba a contestar por escrito."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois se pode ser mañá, se pode ser mañá mismo, se lle contesta. Era unha, pode ser, dunha empresa de Imo, dunha empresa que está situada en Imo, si, si. Pos laméntoo. Agora hai dúas*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

preguntas do Partido Popular que entraron fora de prazo, pero tampouco temos inconveniente en atendelas como escritas, non hai ningún problema."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *" Si. Nós entendíamos os tres días por tramo horario e unha vez falado coa secretaria, díxonos que non que era por día completo, entón o criterio é un pouco así, entón, pois agradezo que as conteste."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non hai ningún problema."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vale. Temos constancia de que no CRA, os pais e nais do alumnado, solicitaron que no parque da escola de Bexo, se cambie io chan e se coloque caucho novo, xa que está moi deteriorado. Teñen pensado atender esta petición e colocalo en breve?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu asistín ao consello escolar do CRA hai dúas semana escasas, dúas semanas e esta petición,non se me trasladou nin polos pais, non pola dirección do CRA, en todo caso, recollemos a ."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"É anterior a petición."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pero dáme igual, quero dicir, si é anterior, con máis motivo tíñanos que chegar esto, porque esto non se deteriorou en cúas semanas, polo que me di, quero dicir, dime vostede aquí que está, que o coloque caucho novo, xa que está moi deteriorado. Xa digo, nadie, na reunión do consello escolar, nin pais. Xa digo, recollo a pregunta e bueno, estudaremos o tema, queremos saber como está e o que se pode facer con esto. A seguinte pregunta"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Fai uns anos, foi sacado da aldea de Eiró un camión abandonado e levado para o galpón municipal onde se garda o camión do lixo e a ferramenta. Tempo despois, vostedes sacaron o camión do galpón e puxérono fora, na explanada ao lado do mesmo, lugar onde xa estaba dende fai uns cantos anos. Dende fai un tempo, este camión desapareceu por obra e gracia de aló e non sabemos para onde o trasladaron ou que fixeron con ele tendo constancia de que o Concello non tiña documentación do mesmo, sendo da súa titularidade, preguntamos: que fixeron co camión e onde se atopa?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A ver, repita por favor, o que escribeu no último párrafo, repítao ben lido."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Tendo constancia de que o Concello, non tiña documentación do mesmo, nin era da súa titularidade."*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Que facía ese camión dentro da nave do Concello?, como vostede di no primeiro punto. Pregunto, eu estoulle contestando xa, xa é a contestación."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non eu pregunteille que fixeron co camión e onde se atopa?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"E eu estou razonando, que tendo constancia como tiña vostede, que o Concello non tiña documentación, nin era da súa titularidade, cando chegamos aquí no ano 19 e vimos que había un camión nun a instalación municipal que nin era do Ayuntamiento, nin era noso, nin sabíamos de quen era, puxémolo fora, nun recinto, que ata nos costaba moito telo alí, porque era do Concello o recinto, vale?, entón, nós unha vez posto fora, non sendo do Concello, nin tendo titularidade do Concello, o que pasou co camión, non teño nin a máis remota idea. Si vostede, nada...hai perdón que non acabamos, hai algunha pregunta oral máis?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Si. Sabemos que o técnico de deportes, está de baixa, queríamos saber, quen vai facer as labores de oficina que facía habitualmente o técnico de deportes?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois o técnico de deportes está de baixa por paternidade e a data de hoxe, entendemos que está co primeiro tramo obrigatorio por lei e estamos pendentes de que nos traslade ao Concello que vai facer, se vai a coller todos os permisos aos que ten dereito por lei, ou vai a separalos, e en función desa decisión, o Concello generará unha lista de traballo temporal e contrataremos un técnico de deportes á maior brevidade posible."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Agora mesmo, non hai ninguén facendo as labores de oficina?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Agora mesmo as labores de oficina fanse no Concello e fanse na, na , a persoa que está destinada alí no Concello. As labores de oficina, as que hai que facer, si."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Ou sea que o Concello fai labores de oficina?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, fai recepción de documentos, non fai labores de oficina."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Vale. Non fai ninguén labores de oficina?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"As que hai fanse no Concello."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Teño outra*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

máis. O Concello de Dodro, ten actualmente, no cadro de persoal, tres limpadoras, segundo a RPT, recén aprobada, das que unha delas está de baixa e outra xubilada, polo que só traballa unha, o resto está sendo cuberto por unha empresa privada que se encarga da limpeza da escola de Lestrobe, do polideportivo municipal, da escola infantil e do campo municipal de Chenlo. Por que non se cobren estes postes de traballo cunha bolsa de emprego? Ou é que pretenden privatizar o servizo?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, non pretendemos privatizar o servizo e o que pretendemos é facelo coa máxima eficiencia posible. A última vez que se sacou unha bolsa de traballo temporal parecido que eran as do persoal do SAF, tivemos tres intentos para conseguir unha persoa. Entón, ante a premura de necesidade de limpeza, decidimos contratar unha empresa externa, para que as aulas das escolas estiveran limpas desde o primeiro día. Agora mesmo, estamos en disposición de convocar esas bolsas de traballo temporal para limpadoras e intentar que a xente se presente e q xente quede nunha bolsa de traballo temporal. Ata agora, a urxencia era a que mandaba, que era a limpeza, non podíamos estar, é un servizo moi urxente. Algunha pregunta agora máis?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nós tamén temos?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Si, Si, non pasa nada. E que nadie dixo nada antes, preguntei si había, nada, perfecto, non teño ningún, non, non, mantemos a orde que vostede queira"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non, o que vostede como presidente do Pleno estipule."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perfecto."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Debido á tala de madeira das fincas de concentración parcelaria de Dodro-Laíño, as pistas quedaron desfeitas e a maioría inservibles para o seu tránsito. Temos coñecemento de que fai tempo, dende o Concello se solicitou aos madeireiros o arranxo, pero ata o día de hoxe seguen igual, polo cal preguntamos . Solicitaron aval aos madeireiros para que en caso de que non as arranxen voluntariamente se poida executar e poder arranxalas e circular por elas, ou van quedar como está?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Solicitamos aval e documentación a tódolos madeireiros que traballaron aquí, no Concello de Dodro e que estiveron aquí, solicitando a licencia correspondente. Mantívose reunión cos madeireiros e fixéronse orzamentos dos custos de reparación, os madeireiros son conscientes de que teñen que reparalas e é cuestión de, había un acordo cunha empresa que tivemos aquí cos madeireiros de que ía a empresa, ía empezar a actuar nas pistas, para repoñelas ao seu estado orixinal, finalmente, hai 10 días ou 15 días a empresa, pois parece que se lles botou*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

abaixo e temos unha reunión entre mañá e o luns, coa nova empresa, que debería iniciar a reparación das pistas, por parte dos madeireiros de xeito inmediato, porque de feito, o que nos contivo , foi un pouco o tempo meteorolóxico, porque non tiña sentido, no inverno poñer a reparalas, pero si non, á parte, bueno, é un compromiso persoal deste alcalde, se que as pistas queden como estaban, se non, hai outras actuacións que se poden facer que son algo máis dolorosas e máis duras."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Temos outra. No ano 2024, a Secretarías de Igualdade da Xunta de Galicia, concedeulle a Dodro, unha subvención de 46.463,63€, para diversas actividades que beneficiaban á veciñanza. Unha vez que o Concello xustifica a subvención con data 10 de outubro de 2024, tan só gastaron e xustificaron 16.664 de esos 46 cas 500€, tendo o Concello que devolver, incluso parte do que cobraron coma anticipo desta subvención, 17 mil e pico euros,m creo recordar. Debido á súa deixadez e moi mala xestión, por certo, perderon 28.799 € desta subvención e os veciños, perderon moitas actividades e programas de concilia, que se poderían haber realizado con estes cartos, entre eles, a Fin de semana de mulleres, sendo cartos da Xunta de Galicia, cal foi o motivo que non realizaran ese gasto en actividades, así se beneficiaba a veciñanza e tiveran que devolvelos á Xunta?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Primeiro: a subvención solicitouse nun momento onde había traballadoras sociais, persoal eventual, nos servizos sociais. A subvención solicitouse polo alto, a verdade é que solicitouse con grandes aspiracións e con grandes ideas que eran as que tíñamos naquel momento, despois, por distintos motivos, precisamente algún deles, retorno de persoal e diferentes problemas de, organizativos, non se pudo facer todas as actividades que se habían previstas para facer a subvención. De todas maneiras, decirlle que antes de haber esa subvención, o concello xa facía todas as actividades que facía, o Fin de semana de mulleres, non entraba nesa subvención, tamén llo digo, porque o Fin de semana de mulleres fíxose ese ano e nos se puido xustificar aí, ou sea que, a Fin de semana fíxose todos os anos e sin embargo, non se puido meter aí porque as condicións da subvención eran bastante, bueno, bastante raras, unha cousa é o que ofrecen e unha cousa é o que un intenta conseguir e outra cousa moi distinta é o que finalmente acaba saíndo. En todo caso, si, si, bueno, unha cousa é o que perdían e outra é o que despois tiñamos que xustificar. En todo caso, o Concello de Dodro, non perdeu nin un solo euro, porque fixo tódalas actividades que tiña previstas, non, non, , pero é que xa non eran do Concello, isto non é un debate, para empezar, vostede preguntou e eu estou contestando. Vale, non esto non é un debate, eu estou contestando. Deixeina falar cando me fixo a pregunta, déixeme falar a min na contestación. Entón, o concello de Dodro no perdeu un euro, porque simplemente se intentou acadar maior financiación, desa financiación que non tiña nin dispoñía, era a primeira vez que se sacaba esa subvención, o Concello optou a unha cantidade importante, consigueu a maiores do seu, pois gastar 16, 18, 20 mil euros e o resto, pois non pasa nada por devolvelo, non?, non é sancionable, nin moito menos. O Concello partía de aquí, intentou chegar aquí e quedou pola metade, para que todo o mundo o entenda, melloramos moito con*

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

esa subvención, agradecémoslle é Xunta de Galicia a subvención, gastamos todo o que pudemos, pero non pudemos facer máis. Eso é un pouco o resumo. Gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si, brevemente, nós hai pouco que estivemos por Castro e hai un hórreo que continúa con moitas hedras, alí fronte a unha casa cunha entrada que tamén é dificultosa para os autobuses escolares. Cendo ten pensado, o Concello, limpar aquelas hedras para evitar o roce cos autobuses e a mellor circulación e que no se encha aquelo de, sobre todo de abellas e de nespras."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Nós intentamos limpar todo o que podemos para que os bens públicos non se deterioren e non se estropeen. No caso dese hórreo, é unha propiedade privada e para un Concello, é complicado gastar cartos públicos e poñer a traballar a empregados públicos en propiedades privadas. Intentaremos esixir á propietaria, á propiedade, que bueno, eso é o que realmente dificulta este tipo de actuacións. Esa limpeza e o non deterioro do ben. É o que podemos facer. Xa están todas as preguntas contestadas. Pois nada, levántase a sesión e gracias por vir."*

Ás 21:10 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Documento asinado dixitalmente a marxe
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: g3c0b5HLcX7DXTo7n3XP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.